

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA DO 3 DE SETEMBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	
Abelairas Rodríguez, Isaura	Iglesias Bueno, Marta
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Lago Rey, María Jesús
Calviño Rodríguez, Xulio	Larriba Leira, Elvira
Coello Bufill, Antonio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Angeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día tres de setembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes ás membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (76).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN EXT. 17.07.07)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 17 de xullo de 2007.

2.- (77).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 31.07.07, NOMEANDO REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 31 de xullo de 2007 a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“De conformidade cos escritos remitidos polos voceiros dos distintos grupos políticos municipais e en uso da facultade a min outorgada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 17 de xullo, resolvo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ós seguintes concelleiros/as:

- | | |
|---|---------------------------------|
| - D. José Manuel Figueroa Vila | Grupo político Mpal. do PP |
| - D ^a Lucía Molares Pérez | “ “ |
| - D. Miguel Fidalgo Iglesias | “ “ |
| - D ^a Marta Iglesias Bueno | “ “ |
| - D. Jorge Conde Gil | “ “ |
| - D. Antonio Martiño Gómez | “ “ |
| - D ^a M ^a Ángeles García Míguez | “ “ |
| - D. Carlos López Font | Grupo político Mpal. PSdeG-PSOE |
| - D ^a Raquel Díaz Vázquez | “ “ |
| - D. Xulio Calviño Rodríguez | “ “ |
| - D ^a Isaura Abelairas Rodríguez | “ “ |
| - D. Santos Hector Rodríguez Díaz | “ “ |
| - D. Santiago Domínguez Olveira | Grupo político Mpal. do BNG |
| - D ^a María Méndez Piñeiro | “ “ |
| - D. Xabier Alonso Pérez | “ “ |

Segundo.- Notificar a presente resolución ós voceiros dos grupos políticos municipais e á Xerencia da Mancomunidade.

Terceiro.- Dar conta da resolución ó Pleno do Concello.”

Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (78).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NOMEANDO ÓS REPRESENTANTES VECIÑAIS NOS CONSELLOS REITORES DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 21 de agosto de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Concello Pleno na súa sesión de data 17 de xullo, adoptou acordo referente ó nomeamento de representantes da Corporación nos organismos autónomos municipais. No seu apartado cuarto o acordo sinala que os sete vocais veciñais nas Xuntas Reitoras do IMD, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque Natural das Ciencias-VigoZoo (3-PP; 2-PSdeG-PSOE e 2-BNG) nomearanse por esta Alcaldía a proposta dos grupos políticos municipais.

Recibidas nesta Alcaldía as distintas propostas, resolvo:

Primeiro.- Nomear membros dos órganos reitores colexiados que se citan, na súa condición de representantes veciñais, ás seguintes persoas:

a) Xunta Reitora do IMD.

- D. Pablo Beiro Diz (PP)
- D. Juan Carlos Padín Nieto (PP)
- D. Carolina Páramos Domínguez (PP)
- D. Francisco Álvarez García (PSdeG-POSE)
- D^a Nelly María Pérez Giráldez (PSdeG-PSOE)
- D. Antón Piñeiro Lorenzo (BNG)
- D. Carlos Cotobade Tombo (BNG)

b) Consello do Parque Natural das Ciencias-VigoZoo.

- D. Abdón Comesaña Rodríguez (PP)
- D. José Manuel Couto Pérez (PP)
- D. Rafael González Rodríguez (PP)
- D^a Patricia Rodríguez Calviño (PSdeG-PSOE)
- D^a Isabel López Lorenzo (PSdeG-PSOE)
- D^a Cristina Fojo Campos (BNG)
- D. Xoán López Vilaboa (BNG)

c) Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios.

- D. Santiago José Varela Vidal (PP)
- D. Claudio Cebreiro Fernández (PP)
- D. Adalberto Cruz Pavón (PP)
- D^a Celia Ines Feijóo Soto (PSdeG-PSOE)
- D^a Marta Estrada Ibars (PSdeG-PSOE)
- D^a Ánxeles González Gómez (BNG)
- D. Luis Sanjurjo Villanueva (BNG)

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados a través do grupo político municipal proponente e ós secretarios delegados dos distintos organismos autónomos municipais.

Terceiro.- Dar conta desta resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que realice este órgano.”

Do anterior, a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

4.- (79).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26.06.06 RELATIVA Ó CAMBIO NAS RETRIBUCIÓN DUN CONCELEIRO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 26 de xullo de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Na resolución da Alcaldía de data 20.07.07, determinábanse os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarían as funcións en dedicación exclusiva e parcial.

Segundo escrito de data 23 de xullo de 2007, con entrada no Rexistro Xeral na mesma data, don José Manuel Figueroa Vila, concelleiro do Grupo político municipal do Partido Popular, conformado pola voceira do mesmo grupo, manifesta a súa vontade de desenvolver as súas funcións, non con dedicación parcial, senón percibindo indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos organismos autónomos.

En virtude dos antecedentes expostos, resolvo:

Primeiro.- Modificar a resolución de data 20.07.07 onde no seu apartado Terceiro se incluía a don José Manuel Figueroa Vila cunha dedicación semanal de nove horas.

Segundo.- O concelleiro don José Manuel Figueroa Vila percibirá indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos organismos autónomos.

S. Ordinaria 03.09.07

Terceiro.- Notificar a presente resolución ó interesado, Unidade de Persoa, Intervención e Tesourería Municipal.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice”.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (80).- DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 6 de agosto de 2007, adoptou o seguinte acordo:

85(1517).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do Excmo. Alcalde, de data 01.08.07, que di o seguinte:

De conformidade co art. 127.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), o órgano de contratación do Concello de Vigo é a Xunta de Goberno Local, a Disposición Adicional Novena 3. do TRLCAP advirte que nas administracións locais a Mesa de Contratación estará presidida polo Presidente da Corporación ou membro da mesma en quen delegue, formando parte dela como vocais o secretario, o interventor e aqueles outros que se designen polo órgano de contratación, é dicir, pola Xunta de Goberno Local; actuará como secretario un funcionario da Corporación. A Disposición Adicional oitava f) da LBRL indica que as funcións que a lexislación sobre contratos das administracións públicas asignen ós secretarios dos concellos corresponderán ó titular da Asesoría Xurídica.

De conformidade cos preceptos legais citados, e sen prexuízo das delegacións que neste senso se teñen efectuado, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, órgano colexiado de asistencia e proposta en materia contractual, estará integrada polos seguintes membros:*

Presidente: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde, ou concelleiro en quen delegue.

*Vocais: D^a Raquel Díaz Vázquez, concelleira. Suplente: D^a Isaura Abelairas Rodríguez, concelleira.
D. Carlos Comesaña Abalde, concelleiro. Suplente: D. Antonio Martiño Gómez, concelleiro.
D. Xesús López Carreira, concelleiro. Suplente: D. Xabier Alonso Pérez, concelleiro.
D. Pablo Figueroa Dorrego, titular da Asesoría Xurídica. Suplente: D. Francisco González-Yebra Pimentel, técnico de administración xeral e letrado da Asesoría Xurídica.
D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral. Suplente: D^a M. Catalina Alfayate Rodríguez, técnico medio de Servizos Económicos.*

Secretario: D. José Manuel Viéitez Alén, xefe de Negociado de Contratación. Actuará como secretaria suplente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade, D^a Sela Bernárdez Gil, técnica de administración especial.

Segundo.- En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes.

Terceiro.- Cando así o requira a natureza do contrato a adxudicar o presidente poderá decidir a incorporación á Mesa de cantos asesores crea conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, sen que teñan a consideración de vocais, sen outra función que a de informar e asesorar en forma non vinculante ós seus compoñentes.

Cuarto.- As funcións da secretaría da Mesa serán as seguintes:

- a) Recibir, tramitar, preparar e levar o seguimento de todos os asuntos que haxan de ser tratados pola Mesa.*
- b) Realizar as actuacións precisas para o cumprimento dos acordos adoptados nas distintas sesións.*
- c) Redactar as actas das sesións.*
- d) En xeral, todas aquelas outras funcións que contribúan á consecución dos fins e obxectivos do órgano colexiado e as que corresponden á Secretaría de acordo co art. 25 da LXPAC.*

Quinto.- Notificar o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

6.- (81).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DE DATA 17.07.07 RELATIVO ÁS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS OU PARCIAIS DOS CONCELLEIROS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 8 de agosto de 2007, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante comunicación de data 23 de xullo a voceira do grupo político municipal do Partido Popular insta a esta Alcaldía a ditar resolución determinando un réxime especial de dedicación exclusiva de tres concelleiros do seu grupo político.

O artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, sinala que os acordos referentes ás retribucións dos cargos con dedicación exclusiva é unha atribución que corresponde ó Pleno do Concello.

No acordo plenario de data 17.07.2007 non se contempla a posibilidade presentada na comunicación polo que debe ser ese órgano municipal, o Pleno do Concello, quen adopte o acordo que se propón.

O artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, advirte que os acordos plenarios nesta materia adoptaranse á proposta do Presidente da Corporación.

En aplicación da normativa sinalada, de conformidade co escrito presentado e previo ditame da comisión que corresponda, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o apartado cuarto do acordo do Pleno de data 17 de xullo de 2007 -número 12 da orde do día- no seguinte sentido:

“Cuarto.- Os voceiros dos grupos políticos municipais poderán comunicar á Alcaldía a decisión do grupo de dividir unha ou varias dedicacións exclusivas das que correspondan ó seu grupo en dúas ou máis parciais de características idénticas ás sinaladas; así mesmo poderase propoñer a agrupación de dúas ou máis dedicacións nunha ou máis exclusivas e inclusive agrupar os importes retributivos de varias dedicacións exclusivas e parciais ó obxecto de xerar novas dedicacións exclusivas ou parciais coa contía retributiva que resulte, que, no caso de ser parciais, non poderán superar os importes previstos nos apartados segundo e terceiro. Nestes supostos non será necesaria a modificación do presente acordo e facúltase á Alcaldía a resolver en base á comunicación a ela dirixida. Da resolución darase conta ó Pleno.”

Segundo.- O presente acordo publicarase integramente no BOP e fixarase no taboleiro de editos do Concello.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 27 de agosto de 2007, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-presidencia, relativa a modificación de acordo plenario do 17.07.07 de dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (82).- AUTORIZACIÓN PARA O INCREMENTO DO LÍMITE MÁXIMO DA PARTIDA ORZAMENTARIA 121.0.151.0000 "GRATIFICACIÓNS". EXPTE. 17493/320.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de agosto de 2007 a técnica de RRHH da Unidade de Persoal, coa conformidade da xefa da devandita unidade e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 28 de febreiro de 2005, aprobou o orzamento para o ano 2005, actualmente prorrogado. Dentro do Capítulo I de gastos, dotouse unha partida para gratificacións por importe de 1.525.973,76 €, cantidade que non foi actualizada cos IPCs dos anos 2006 e 2007, que aínda que se suplementou por insuficiencias de dotacións na modificación nº 110 e financiada con novos ou maiores ingresos, aprobada inicialmente polo Pleno na súa sesión de data 30 de xullo de 2007, nun importe de 430.000,00 €, resulta manifestamente insuficiente e inadecuada para facer fronte ós compromisos adquiridos co persoal municipal recollidos no Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo e nas instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente.

Así mesmo, é preciso dar efectivo cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 31/03/2006, relativa á modificación puntual do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" en canto aos importes das gratificacións por horas extraordinarias en concepto de festividade e nocturnidade, así como a modificación da cantidade que se menciona como "compensación" no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, referida ó traballo efectuado entre as 10.00h do día

24 de decembro e as 15.00h do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro, fixando a súa contía en 120 euros.

No informe de data 24 de xullo de 2007, asinado polos técnicos de organización e Recursos Humanos do Servizo de persoal, infórmase que se estima que, no caso de que os postos vacantes por xubilacións, invalideces absolutas, etc. non sexan cubertos ata o 1 de xaneiro de 2008 e que os correspondentes á OEP 2005, tomen posesión segundo o que se indica no devandito informe, prevese que o crédito non consumido estimado nas partidas económicas 110, 120, 121 e 130 (retribucións eventuais, básicas, complementarias e laborais) sexa de 1.671.696,99 €, non tendo en conta neste cálculo os aforros producidos por permisos sen soldo, permisos por maternidade/paternidade, etc.).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 31 de marzo do 2006, no que se acordou o incremento dos importes das gratificacións en concepto de festividade e nocturnidade con efectos do 1 de xaneiro de 2005, goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

II. As vixentes instrucións de plantilla do Concello de Vigo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicadas no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005, establecen que as gratificacións deberán responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral. Lémbrese que con cargo ao sinalado concepto retributivo se aboan habitualmente servizos realizados en concepto de horas nocturnas, horas festivas e traballos nos días 24 e 31 de decembro; servizos realizados fóra da xornada normal de traballo que non podan ser compensados con descansos; servizos de escolta de honor ou garda en cerimonias ou actos protocolarios nos que participe a Corporación e compensación ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios por horas realizadas en exceso durante o ano.

Consecuentemente, e toda vez que en sesión de data 31 de marzo do 2006 o Pleno do Concello autorizou o incremento do prezo das horas nocturnas, festivas e traballos realizados o 24 e 31 de decembro, resulta obvio que a contía global da partida orzamentaria destinada a retribuír as gratificacións do persoal municipal e inicialmente prevista para o exercicio orzamentario 2005 (actualmente prorrogada para o 2006) ten sido consumida na súa totalidade, de forma tal que parece necesario o seu incremento co fin de dar cumprimento ao devandito acordo plenario.

III. O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. En Sentenza do Tribunal Supremo do 23 de xullo de 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Interpretando o referenciado artigo en relación co 123.1.h) da mesma norma -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos orzamentos- parece claro que corresponde ao Pleno autorizar o incremento da partida orzamentaria 121.0.151.00.00- "gratificacións" en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos orzamentos municipais para o presente exercicio económico 2006.

Vista a insuficiencia de crédito existente na partida 121.0.151.00.00 (gratificacións) para facer fronte ao gasto en concepto de gratificacións, dos apartados recollidos na Instrución 4ª de Cadro de Persoal e RPT vixentes (Xunta de goberno Local de 30/5/05, BOP de 7 de xuño seguinte), e previo o preceptivo informe de fiscalización que sexa emitido pola Intervención Xeral, así como o ditame da Comisión de Xestión Municipal, sométese ao criterio do Pleno deste Concello a seguinte proposta de acordo:..."

A seguir a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de agosto de 2007, o interventor xeral accidental devolve o expediente indicando que, unha vez recaído o acordo plenario, se comunique á Intervención Xeral ó obxecto de iniciar o correspondente expediente de modificación orzamentaria por transferencia de crédito que permita dar cobertura ó gasto proposto.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 27 de agosto de 2007, ditamina favorablemente a proposta formulada.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de nada e por se están preocupados xa lles adianto que nós non imos ter a amnesia política que vostedes amosan ou

amosaron na anterior lexislatura cando se falaba de temas de persoal e por suposto imos votar favorablemente e imos apoiar na medida das nosas posibilidades a xestión dun acordo do que nos sentimos especialmente orgullosos.

A verdade é que cando o outro día uns compañeiros me deron unha copia do texto da modificación que vostedes presentan hoxe, da partida de gratificacións para os empregados municipais, non tiveron máis remedio que ter dúas sensacións. A primeira, coido que completamente lóxica, era unha sensación de satisfacción porque o que vostedes presentan hoxe non é máis que a continuación, un paso na definición completa dun proceso que iniciou, xestionou e executou un goberno no que eu tiveron o orgullo de participar e que deu resposta a unha solicitude moi antiga e moi xusta dos traballadores municipais á que ningún goberno anterior tivo a vontade política e eu diría que o valor de facer fronte e responder.

Pero fronte esta sensación de satisfacción a verdade é que non me queda máis remedio, coido que a min e a todas as persoas que vivimos aqueles intre, que ter unha sensación de profunda tristura ó lembraren a falla de coherencia e eu diría que a falla de lealdade dos grupos da oposición no momento da aprobación dese acordo e nos momentos posteriores de xestión do mesmo.

Non podo senón sentir tristura cando lembro os plenos nos que discutiamos este tema en particular. Eu dicíalles e hoxe demóstrase con todo luxo de detalles que vostedes o único que pretendían coas súas posicións era afogar ó goberno de dona Corina Porro no pescozo dos traballadores municipais. Ben que o tentaron pero non foron quen do acadar como ben o saben os traballadores desta casa e os seus representantes sindicais.

A verdade é que pensaba empezar así, poñéndome moi serio, pero dado que esta é a miña primeira intervención nesta lexislatura a verdade é que prefiro sorrir un pouco e para iso non hai nada mellor que ler o informe da modificación que vostedes presentan hoxe. Se isto non fose un tema moi serio a verdade é que me daría unha certa gracia e reconfortaríame porque se vostedes leron o seu propio informe, nel e dun xeito completamente taxativo e claro desmóntase esa argumentación que vostedes repiten como unha cantilena e con tanta falla de estilo para que a xente se convenza de que a culpa é da herdanza. Semella a canción do verán.

Se me permiten vou ler literalmente o informe que vostedes presentan: “O Pleno da Corporación municipal, na sesión de data 28 de febreiro de 2005, aprobou o orzamento para o ano 2005 actualmente prorrogado (non está mal que saibamos isto). Dentro do Capítulo I de gastos dotábase unha partida de 1.525.000 euros, cantidade que non foi actualizada cos IPCs do ano 2006 e do ano 2007”. Supoño que saben vostedes por que non foi actualizada: porque non houbo orzamento, porque vostedes non nos deron esa oportunidade.

“...E que aínda que foi suplementada por insuficiencia de dotacións na modificación 110, financiada con novos e maiores ingresos do anterior goberno, aprobada inicialmente polo Pleno na súa sesión de data 30 de xullo de 2007 cun importe de 430.000 euros, resulta manifestamente insuficiente e inadecuada”.

Ou sexa que efectivamente no seu informe vostedes xa recoñecen que hai un orzamento prorrogado, que iso significa que non podía haber incrementos do IPC, que polo tanto había unha partida de gratificacións e esa partida non era suficiente. Pero hai dous meses vostedes procederon a unha modificación de 430.000 euros e tal é a chafallada que aínda iso non foi suficiente para as gratificacións, cousa que vostedes non sabían.

Di no segundo parágrafo: “Así mesmo é preciso dar efectivo cumprimento ó acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 31.03.2006”. Está ben que recoñezan que hai que dar resposta ós acordos e que os hai que cumprir, hai que dar efectivo cumprimento. Xa sabemos que a partida non era suficiente porque vostedes se dan conta de que o orzamento era prorrogado; xa sabemos que se dan de conta de que había que dar efectivo cumprimento.

Agora chega o parágrafo terceiro do seu propio informe: “O informe de data 24 de xullo de 2007, asinado polos técnicos de Organización e RRHH do servizo de Persoal informa que se estima que no caso de que os postos vacantes de xubilación e invalideces absolutas non sexan cubertos ata o 1 de xaneiro (cousa imposible porque vostedes non presentaron un orzamento e polo tanto non se poden cubrir eses postos) e que os correspondentes á Oferta Pública de 2005 (que xestionou o anterior goberno) tomen posesión, segundo o que se indica no informe, prevese que o crédito non consumido estimado nas partidas económicas 110, 120, 121, 130, retribucións eventuais, básicas, complementarias e laborais, sexa de 1.671.696 euros”, repito que é o crédito non consumido estimado; para os leigos é

o que vulgarmente se chama un remanente. "...Non tendo en conta neste cálculo os aforros producidos por permisos sen soldo, permisos por maternidade, etc.".

Eu xa lles digo que isto non é 1.600.000 porque no plan estaba que as persoas que veñen desta oferta pública entrarán no mes de setembro e máis tarde, sen ningunha dúbida. Estamos a falar duns 2.000.000 euros de superávit só no Capítulo I de Persoal. Non o digo eu, dio un informe de seu, asinado por un de vostedes e co que argumentan esta modificación de crédito.

Pero por se acaso vostedes queren asumir a paternidade deste acordo que tanto nos custou e que coido que son perfectamente capaces, eu queredría facer un breve repaso polo que foi a xénese e o desenvolvemento deste acordo. Se queren falamos doutras cousas pero me vou centrar no que estamos falando hoxe en día. Sei que o alcalde ten especial interese en que os Plenos sexan reducidos.

Era o 7 de decembro do ano 2005, lémbrome que eran as 8 da mañá porque un dos concelleiros tiña un enfado espectacular, cando eu me presentei diante deste Pleno e expliqueilles e pedín ó Pleno unha proposta de modificación dunha parte puntual do acordo regulador das condicións laborais cos traballadores, o que se chama convenio. Era relativo á modificación da remuneración nas horas nocturnas, festivas e realizadas en xornadas digamos extraordinarias. Ese día eu explicáballes que esa remuneración particular non se cambiara dende o ano 99 e que tiña uns importes absolutamente ridículos e inxustos, no caso da nocturnidade lembro perfectamente que era de 0,95 euros/hora.

Eu explicáballes que había moitas cidades en España -Alacante, Gijón, Oviedo- e localidades, galegas como Ourense, Pontevedra, nas que a remuneración era moi superior e demostraba todo isto que a remuneración que pagaba o Concello de Vigo dende o ano 99 non era xusta, non estaba no mercado polo dicir dalgún xeito. Pero sobre todo lles dicía que este acordo era xusto, posible e positivo e repetino varias veces.

Se o lembran o Pleno foi moi duro e vostedes só acertaron a dicir que o acordo era ilegal; houbo un concelleiro bastante exaltado que dúas veces falou de prevaricación. Insistíronnos en que era ilegal, que o subdelegado do Goberno o ía tombar e que íamos xerar un grande caos no cadro de persoal municipal. Por suposto aquel día de decembro só votamos a favor deste acordo, que vostedes presentan agora sen dicir ren, os membros do Grupo popular e por suposto, logo de

todo o proceso legal, de todos os procesos burocráticos, sen ningún tipo de problema, sen ningunha alegación, sen nada de nada, ó mes e pico o acordo deveu completamente firme e legal como non podía ser doutro xeito. A verdade é que na Concellería de Persoal daquela pretendiamos sempre facer as cousas coa maior seriedade porque sabiamos que eran especialmente complicadas.

Pois ben, sabendo todo isto, sabendo que o acordo era firme e legal, no momento da aprobación definitiva deste acordo do que estamos aquí hoxe falando, non contentos con saber xa que o acordo era positivo, un grupo da oposición, sen discutir, sen dar lugar a debate propón o seguinte que está nas actas: "...Por tanto, señora alcaldesa, en base ó art. 92 do Regulamento de entidades locais solicitamos someta a votación a nosa solicitude de retirada da orde do día deste punto". Non se quería discutir e argumentábase que houbera unha petición de información da Subdelegación do Goberno; non se confundan con outro expediente porque este era de información.

Aquel día díxenlles con todo luxo de detalles e así consta na acta, que non había ningunha razón para parar o acordo que estaba en vigor e que era valedoiro por unha petición de información. Vostedes seguiron na mesma e seguiron pedindo que o punto se retirara da orde do día. Era obvio que non había ningunha razón e sabiamos nós e os traballadores municipais que o único que querían vostedes era poñer digamos que un pau na roda do acordo, querían evitar que fose o Partido Popular cos traballadores municipais de acordo quen pechara unha reivindicación antiga e xusta. Iso é o único que aconteceu. Por suposto que novamente só foi aprobado definitivamente cos votos do Partido Popular.

Pero pasaba o tempo que é inexorable e chegaba o remate do exercicio e, como vostedes din hoxe no seu informe, había que pagar os acordos desta Corporación porque eses acordos eran legais e estaban completamente en vigor e, que casualidade, nós tamén tiñamos un orzamento prorrogado no ano 2005 e a partida de gratificacións non daba como moi ben explican vostedes hoxe no seu informe. Casualidade que vostedes non o souberan daquela; se non o sabían eran uns irresponsables e se o sabían disimulárono moi ben.

Aquel día que non había partida o que fixemos foi ter que presentar ó igual que vostedes, sen tanto afago, unha modificación de crédito que é o que se pode facer

nestes casos, con cartos que tiñamos gardado do Capítulo I, exactamente igual que vostedes hoxe.

Pero entón, que cambia? Cal foi o comportamento dos que non estaban no goberno, na mesma situación que a de hoxe? En troques de recoñecer que erraran, que nós tiñamos razón, que o acordo era legal, que era bo, que era xusto, posible e positivo, o único que fixeron foi pasarse todo o Pleno falando do fracaso da política de persoal municipal, pero sobre todo pedindo, insistindo que se executara de xeito inmediato a Oferta Pública de Emprego que vostedes non foran quen de executar no ano 2003.

Quizais agora se entenda mellor por que insistían tanto. O punto 3 do seu informe di: “No caso de que os postos vacantes por xubilación, invalidez non sexan cubertos antes do 1 de xaneiro de 2008 e que os correspondentes á Oferta Pública de 2005 tomen posesión segundo se indica no devandito informe prevese que o crédito sexa de 1.600.000 euros”. Vostedes pedían que se fixera a Oferta Pública de xeito inmediato porque sabían que nun contexto de orzamento prorrogado a partida de gratificacións non daba e entón, se non había cartos ningures para poder pagar este acordo que era firme, si que habería un colapso no Concello.

Gracias a que nós calculamos os tempos, gracias á nosa propia xestión hoxe se presentan vostedes aquí sen dicir ren, cun superávit na partida do Capítulo I de persoal de dous millóns de euros practicamente, coa Oferta pública de emprego máis grande da historia municipal, 170 prazas, rematada e disposta para entrar e cun acordo completamente xusto, posible e positivo.

Máis tarde lembrareilles a algúns, que semella que se esquecen, de que vai iso da Oferta pública de emprego.

En todo este proceso nin unha soa verba do que realmente era importante, saber se vostedes estaban de acordo, se tiñan a vocación política dese acordo, se querían facer ese acordo, se o acordo era xusto, posible e positivo, nin unha soa palabra, Só problemas e máis problemas.

Por iso, cando estiven repasando un pouco todas as intervencións nos Plenos daquela, sentínome e síntome especialmente orgulloso de algo que lles dicía e que lles vou repetir: a min gustaríame preguntarlles en voz alta e que vostedes responderan do mesmo xeito, tendo en conta ademais ese progresismo do que tanto presumen, nunha situación de orzamento prorrogado cal é a súa proposta, a

súa proposta sería, non de boca cara fóra, senón cara dentro, que lle querían presentar vostedes ós traballadores desta casa para cumprir peticións que non son de hoxe, son de hai moito tempo e que vostedes con orzamentos completos, con maioría no goberno non tiveron a vontade dos sacar cara adiante.

Gustaríame que dixeran cal é o seu compromiso porque a nós o único que nos falla é un orzamento porque vontade política témola e a estamos a amosar. Gustaríame que me explicaran como cren vostedes, e hoxe máis ca nunca, como cun orzamento prorrogado se poden liberar recursos para cumprir algo que é unha petición dos traballadores desta casa. Como se fai se non recorrendo ós cartos que quedan das baixas.

Eu véxolles moi maiores para crer nos milagres, os milagres non existen e para liberar eses cartos dun acordo, gustaríame que me dixeran como se paga ese acordo. Vou abreviar porque logo lles falaba da modificación de crédito e dicíalles que sen embargo eu non inventara o recurso da modificación de crédito, pero si lles digo que nós temos unha diferenza moi grande respecto a vostedes. Dedicamos os fondos que se liberan no Capítulo I, como hoxe se amosa, dentro do orzamento que lle corresponde ó persoal desta casa para corrixir disfuncións, peticións de todos os membros de persoal e en concreto do Comité de Persoal desta empresa, disfuncións que veñen de hai tempo e non dedicar eses fondos a outros temas diferentes do Capítulo I como gastos publicitarios, gastos correntes, etc.

Vostedes, como poden ver nas actas, non contestaron ren ó igual que hoxe non dixeron ren ata o de agora. Pois ben, hoxe teñen unha oportunidade de ouro para que, xa que están no goberno e dánse conta das dificultades que vostedes mesmos xeraron, aínda que non as queiran recoñecer, digan ós traballadores como é posible que non apoiaran este acordo e por que hoxe van votar que si; por que sendo as mesmas persoas, os mesmos grupos, as mesmas circunstancias, daquela era non e agora é si. Se non están de acordo con esta iniciativa que lles propoñemos díganllo ós traballadores, digan cal era a proposta de seu coma eu pedía naquel pleno.

Sinxelamente para rematar, Sr. Calviño, na Oferta Pública de Emprego hai aproximadamente 57 prazas de policía que entran agora a traballar e gustaríame que non se esquecera diso cando fala do cadro de persoal da Policía.

SR. LÓPEZ FONT: O punto da orde do día que estamos a debater limítase única e exclusivamente a un tema legal de cumprimento dunhas obrigas ás que se ve obrigado este goberno municipal.

Lémbrolle, Sr. Guerra, que a data de hoxe é 3 de setembro de 2007. Dáme a impresión que vostede está noutro tempo, mágoa que faga unha intervención con este resentimento pero erra cos destinatarios. Nós, os que formamos parte do Grupo municipal Socialista, non estabamos na anterior Corporación e o que está claro é que se non acadaron no anterior goberno uns orzamentos, moito será imputable a vostedes porque non só é imputable co que non se acada un acordo. Se vostedes non acadaron uns orzamentos e víronse obrigados a prorrogalos será responsabilidade de seu, que non dos demais.

O que si é certo é que nin queremos asumir unha paternidade dun acordo do que vostede está tan contento, nin lle imos entrar á discusión de que se dixo nesta sala nun momento determinado, quen o dixo e por que, porque habería que se preguntar, Sr. Guerra, por que os que se sentaban aquí como concelleiros se opuxeron en todo este longo relatorio que vostede fai, pero dende logo a responsabilidade non só será imputable ós que se sentaban nesta parte, senón tamén a vostede, ó goberno do que vostede formaba parte.

Levamos poucos Plenos, estamos acostumbrados á cantilena e zumegan vostedes por todos os sitios ese lamento por perder o goberno e iso si que é unha canción do verán que está rematando, pero sobre a xestión que vostede e o seu goberno fixo xa decidiron os que tiñan que decidir: os cidadáns.

Vostede fala de herdanza. Efectivamente, reafírmolle que o punto da orde do día que vostede le, sobre o que dá tantas explicacións e as leva tan a pasado, é outro produto da súa herdanza, da súa xestión como concelleiro de Facenda e de Persoal e do seu goberno en conxunto. Vostede e o seu goberno sabían o 31 de marzo de 2006 que case seguro, posiblemente pola súa ineficacia, non terían orzamento ese ano e asinaron un acordo que eu non vou discutir aquí sobre as horas, os importes, se a oferta realizada ós traballadores se axustaba ó que hai noutros concellos, se era boa ou se era mala. Pero o que vostede sabía era que se estaban acordando unha serie de cuestións que tiñan o seu reflexo orzamentario e tamén sabía que non ía ter orzamento.

Cando lles digo a vostedes que a responsabilidade é do goberno anterior dígollo categoricamente e isto forma parte desta herdanza. Non lles vou dicir se a nós como goberno isto nos gusta máis ou menos, pero o que está claro porque vostede o leu é que estamos obrigados a iso e obrigados a utilizar todas as formas que vostedes utilizaron porque efectivamente é a herdanza que nos deixaron.

Non se preocupe que nós non queremos asumir ningunha paternidade do acordo. Se vostede está contento co mesmo paréceme perfecto; nós o único que facemos é traer isto ó Pleno precisamente por unha das cousas que vostede dixo, porque ten forza de lei. O acordo que vostedes trouxeron ó Pleno o 31 de marzo de 2006 haio que facer efectivo, ha que o executar e xa lle digo que non vou facer consideracións sobre se eu, no suposto de estaren no seu sitio nese goberno, asinaría ou non este acordo.

Non entremos nestas cuestións, coido que o informe de xestión que fixeron vostedes como goberno xa o deron os cidadáns. Coido que deben de verdade adoptar outra actitude neste Pleno e deixar de estaren lembrando permanentemente que se quixo afogar ó goberno da Sra. Porro porque foron vostedes os que non o acadaron e dende estes bancos se lles dixo en ocasións que había vontade de chegar a acordos, por iso que vostedes non o acadaran é responsabilidade de seu.

Alcalde, politicamente nós mantemos esta proposta na obriga de que esta é a legalidade e efectivamente os traballadores coñecerán a oferta que este goberno ten sobre as súas condicións de traballo. Non se preocupe, Sr. Guerra, negociaremos pero tamén lle vou dicir que o faremos sobre termos realistas e executables, non sobre sobre termos de auténticos brindes ó sol que logo teñan que vir outros a solucionar os problemas como é este o caso e como bastantes outros cos que nos atopamos.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Ten gracia o de “brinde ó sol” logo de ler o seu informe, ten gracia que vostedes sexan os que agora vaian pagar este acordo cando pon no seu propio informe que queda un millón seiscentos e pico mil euros da partida do Capítulo I, pero menos mal que cumpren o acordo.

Ese acordo ten forza de lei, como vostede di, non dende hoxe, senón dende o 31 de marzo de 2006 e vostedes tiveron a oportunidade de amosar o seu interese por

este acordo no momento da aprobación da modificación de crédito que tivemos que facer no seu momento exactamente igual que vostede fai agora porque se nós tiveramos orzamento aprobaríámolo no orzamento pero como non o tiñamos xa nos preocupamos nós de xerar cartos dentro do orzamento para poder pagar o acordo porque cos seus votos non contamos, contamos cos nosos propios votos nada máis e coa nosa propia xestión e por iso estaban os cartos nos orzamentos.

É bastante kafkiano dicirlle á xente que nós somos novos e non sabemos nada. Que eu saiba vostedes se presentaron por un partido que ten unha antiga historia e dáme a impresión de que esas roturas de continuidade nas historias dos partidos os cidadáns non as cren. Pero é que ademais no seu grupo e no do Bloque Nacionalista Galego hai dúas persoas que votaron ese acordo polo tanto ó mellor teñen algo que dicir.

É que non é así, vostedes non poden dicir que hai unha rotura, que foron outros os que fixeron iso, porque neste momento son o goberno e vostedes en particular son do Partido Socialista Obreiro Español-Partido Socialista de Galicia, se eu non erro, e tamén son responsables dos actos dos seus anteriores compañeiros como o somos nós cando se nos di algo no que vostedes teñen razón.

Non lle pode dicir á xente que non sabían ren. Pero se non sabían ren aínda teñen a oportunidade de lles dicir ós traballadores que non van facer a modificación de crédito, que os señores do PP lles deixaron sen cartos e non poden pagar co Capítulo I; non poden ou non o queren pagar e propoñen unha cantidade para a nocturnidade e para a festividade; pero nin unha soa palabra e hoxe tampouco.

Xa é hora de que teñan un mínimo de valentía e asuman que o que estaban facendo era tentar afogar e non facer cousas en positivo. Seguen vostedes co conto de que todo o que pasaba era pola herdanza, pois aquí reciben unha boa herdanza; díganllo ós cidadáns, ós traballadores; teñen os cartos e teñen o acordo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Guerra, son do Partido Socialista, asumo a súa historia e efectivamente estou aquí porque outros compañeiros estiveron anteriormente.

Eu non dixen en ningún momento que non me interesa este tema e que non sei ren disto. Eu o único que dixen, o que tería que asumir vostede e non asume, é que este é un acordo que fixeron vostedes sen orzamento, é un acordo do que vostedes son estritamente responsables e nós o que si lles dicimos ós cidadáns, que é o que

vostede está querendo agachar, é que temos que cumprir legalmente con algo que vostedes fixeron e se eu fose concelleiro aquí mantería a proposta, a postura que mantería. O único que lle dixen foi que eu non estaba daquela. O que si é certo e ten que quedar en relación con isto e con todo claro é que son vostedes os que foron incapaces de acadar acordos nesta Corporación. Están permanentemente con iso que vostede denomina “canción do verán” e isto si que é canción de que se afogou ó anterior goberno.

Repito novamente que o veredicto das urnas xa está e todas esas preguntas que vostede fai en voz alta están contestadas polos cidadáns. Este concelleiro e este goberno, independentemente de que poida haber dous ou máis concelleiros do anterior goberno, díxenllo antes e vostede a iso non me resposta absolutamente ren, non entramos en se este acordo é bo ou malo, entramos en que este acordo o fixeron vostedes e nós, maximo que nos entenderá, non podemos facer cuestión distinta á única á que nos vemos obrigados que é traer aquí un calco do que vostedes fixeron para cumprir coa legalidade.

Cando a nosa marxe de manobra como goberno con maioría absoluta nos permita ter orzamento e unha oferta para os traballadores así llo faremos chegar e entón si seremos responsables. Neste momento só somos responsables do que vostedes fixeron sen o necesario para o levar á práctica.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar o incremento da partida orzamentaria 121.0.151.00.00 “gratificacións” nunha contía máxima de 770.000,00 euros, con cargo aos créditos non utilizados correspondentes a vacantes de persoal, coa finalidade de dar efectivo cumprimento aos acordo plenario de data 31 de marzo do 2006, sobre incremento do importe das gratificacións en concepto de hora nocturna, hora festiva e traballos extraordinarios realizados en 24 e 31 de decembro recollidos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10, e no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo”, así como ao previsto nas vixentes Instrucións de plantilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) en canto ao dereito do

persoal municipal á percepción de gratificacións en concepto de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral, así como aos demais conceptos recollidos na Instrución 4ª de Cadro de Persoal e RPT vixentes (Xunta de goberno Local de 30/5/05, BOP de 7 de xuño seguinte).

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 121.0.151.00.00 “gratificacións” con cargo ás vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de execución dos orzamentos municipais para o presente exercicio económico 2006 (prorrogado).

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Explicación de voto polo Grupo municipal do BNG, do tenente de alcalde Sr. Domínguez Olveira:

Non quería deixar pasar este punto sen dicir tres cousas. Primeira, os que estamos aquí sentados representado ó Bloque Nacionalista Galego asumimos todas e cada unha das actuacións do BNG na anterior Corporación, das que ademais nos sentimos moi responsables e orgullosos, Sr. Guerra. Dígoo para que quede moi claro.

En segundo lugar o que realmente cambia da situación que vostede nos relatou a hoxe é que nestes intres hai un goberno lexitimamente elixido polos cidadáns, cunha maioría ampla e segura, que sabe e vai saber xestionar as arcas municipais. Daquela, por iso o Bloque Nacionalista Galego negouse a ese acordo, había un goberno que se afogou a el mesmo cando non soubo ser quen de acadar un consenso para que esta cidade tivera un orzamento. Non só iso, senón que nos demostrou durante os tres anos e pico que vostedes estiveron gobernando que non foron quen precisamente de facer esa xestión.

Ninguén afogou ó Partido Popular, afogouse el mesmo sen ser quen de chegar a ningún tipo de consenso. Pero ademais ese afogamento do que falan debeu ser,

segundo vostede, percibido pola cidadanía e esta, que é a que lexitimamente ordena quen ten que xestionar, xa decidiu suficientemente claro que quere unha nova maioría.

En terceiro lugar, nós non utilizamos o Capítulo I de persoal para gastos de publicidade como di. Sabe para que tivemos que ocupar os remanentes de Capítulo I, etc., que levamos á anterior modificación orzamentaria? Por lle poñer un exemplo: para poder pagar o servizo de atención a domicilio que vostedes non o deixaron contemplado.

A PRESIDENCIA: Sr. Guerra, non ha lugar a outra intervención. Foi explicación de voto, vostede falou na primeira intervención vinte minutos, na segunda cinco minutos, fixo un total de vintecinco minutos de intervención e coido que o debate está pechado, houbo bastante tempo, coñecemos ben as posicións de todos e polo tanto pasamos ó seguinte punto da orde do día.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, os membros da Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

8.- (83).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO REITERAR A CONFORMIDADE E APOIO Ó TEXTO REFERENTE Ó ANTEPROXECTO DE LEI DE ÁREA METROPOLITANA DE VIGO, ACORDADO NA XUNTANZA DE ALCALDES QUE TIVO LUGAR EN MARZO DE 2006.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de agosto de 2007, a voceira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

“O Grupo municipal do Partido Popular, ante a situación que se está a debater sobre a Área Metropolitana de Vigo, manifesta e insiste en reclamar o acordo de creación dunha área metropolitana integrada por 14 concellos, tal e como reflicte o anteproxecto de Lei impulsado polo anterior goberno da Xunta.

En data 20 de marzo de 2006, os alcaldes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, nunha xuntanza extraordinaria e urxente realizada no Concello de Vigo, acordaron reiterar a súa conformidade e apoio ao texto referente ao anteproxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo consensuado coa anterior Xunta que integraba aos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos do Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña (os doce concellos que integran a Mancomunidade máis Cangas e Moaña).

O grupo municipal do Partido Popular no Concello de Vigo lembra que o proxecto de Lei da Área Metropolitana está avalado por estudos sobre mobilidade, transporte, economía, por relatorios dos secretarios e interventores dos Concellos e ditames xurídicos, e sitúase nos termos reais de extensión e demografía que demanda a unificación de servizos entre os Concellos mencionados.

Consideramos que a Área Metropolitana ten que nacer co rigor que demanda o proxecto, sen prexuízo de que, nun futuro, poida abrirse á participación de máis concellos.

Volver debater o anteproxecto cando o actual contou co acordo maioritario e independente dos alcaldes de distinta ideoloxía (PP, BNG e PSOE) dos 14 concellos levaríanos a unha demora de anos na constitución da Área Metropolitana, unha demora que prexudicaría, sobre todo, aos cidadáns da futura área metropolitana.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

Reiterar, tal e como se acordou na xuntanza dos 14 alcaldes realizada en Vigo en marzo de 2006, a conformidade e apoio ao texto referente ao anteproxecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo consensuada polos alcaldes de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos do Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña, co anterior goberno da Xunta de Galicia.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 27 de agosto de 2007, quedou decatada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. PORRO MARTÍNEZ: Estarán todos de acordo comigo en que un dos documentos máis importantes deste Concello é o Plan Estratéxico porque foi un traballo rigoroso, feito co consenso de toda a cidadanía, non só dos grupos, senón dos axentes sociais. Participaron máis de mil persoas e chegouse a acordos sobre o futuro desta cidade, por onde debe ir, o que se debe facer. Case todas as actuacións dese Plan Estratéxico de Vigo baséanse na constitución dunha área metropolitana. Por iso moitas veces cando se fala do Plan Estratéxico, dos documentos importantes, se queremos cumprir eses obxectivos temos que falar

ante todo e sobre todo da necesidade da creación da área metropolitana cunha lei na que Vigo e a súa área asuman competencias que sexa quen de xestionar polo ben dos municipios da área.

A historia da nosa cidade di que todos os partidos sempre estivemos de acordo, con máis ou menos acertos sempre traballamos todos a prol dese acordo final para a creación da área metropolitana e vou citar algunha data que coido fundamental como é novembro do 99, a declaración de Soutomaior na que os 12 alcaldes dos Concellos que forman parte da Mancomunidade de xeito unánime asinan un acordo para camiñar cara á creación desa área metropolitana.

En xuño de 2000 na reunión do Pazo da Touza únense tamén Cangas e Moaña e pactan a creación da primeira área metropolitana. En outubro de 2004 ten lugar a presentación do anteproxecto da primeira área metropolitana; por parte do goberno se presenta ese anteproxecto e comézase a traballar nese acordo. Logo, en novembro de 2004 reúnense os 14 Concellos co director xeral para avanzar nese acordo.

Houbo tamén un relatorio moi importante na que participaron todos os secretarios e interventores dos concellos e chegouse a un acordo. En marzo de 2006 houbo unha reunión extraordinaria dos 14 alcaldes solicitando á Xunta de Galicia retomar o proxecto de lei de área metropolitana que neses momentos cuestionaba o conselleiro, Sr. Méndez Romeu.

Por iso, logo das últimas declaracións que vimos nos medios de comunicación e que preocupan a este grupo, coidamos oportuno e sobre todo urxente que a área metropolitana se debata no Parlamento e ten que nacer co rigor que demanda o proxecto sen prexuízo que nun futuro se poida ampliar a máis concellos, pero debe nacer como se pediu, acordou e traballou polos 14 concellos. Volver debater o anteproxecto cando o actual contou cun apoio maioritario e independente dos alcaldes de todos os partidos, de volver abrir un melón así coido que o único que pode resultar é perder un tempo precioso para a área metropolitana de Vigo e por iso queremos reiterar ese acordo e pedirilles a todos vostedes que o apoiem.

O acordo é reiterar, tal e como se acordou na reunión dos 14 alcaldes realizada en Vigo en marzo de 2006, a conformidade e o apoio ó texto referente ó anteproxecto de lei de área metropolitana de Vigo, consensuada polos alcaldes de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño,

Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña co anterior goberno da Xunta de Galicia. Póñoos á súa consideración.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa moción presentada sorprende un pouco non tanto o fondo, no que estamos de acordo e trátase de converter a actual Mancomunidade de Vigo na área metropolitana, senón que sorprende da intervención da Sra. Porro a necesidade de que teñan que ser obrigatoriamente os 14 concellos que daquela se acordou.

Nós estamos totalmente de acordo en que para esta cidade e para a súa área de influencia é importante a área metropolitana; levámolo no noso programa electoral e entendemos que así foi referendado polos cidadáns. Pasa que temos que lembrar que fixo cada partido político pola área metropolitana e cal foi a súa vontade política.

En 16 anos de goberno do Sr. Fraga na Xunta de Galicia pouco se fixo pola nova configuración territorial de Galicia, en especial por dotar a Vigo dunha área metropolitana. Pouco por non dicir ren, ou moi pouco por dicir sinxelamente que no último momento, cando se disolvía o Parlamento no ano 2005, preséntase unha proposta de lei tamén a sabendas de que polos tempos parlamentarios non ía poder seren discutida. Con todo isto coido que hai que situar as cousas nos seus xustos termos e saber cal é a vontade política de cada partido.

O Partido Popular nesta nova lexislatura que se inicia no 2005 leva dúas propostas de lei sobre o tema da área metropolitana que son discutidas en abril de 2006 e en maio de 2007 a proposta do Partido Popular. Non vou entrar nos detalles da tramitación parlamentaria pero entendemos que se rexeitou. O posicionamento do Grupo municipal socialista é que realmente esta proposta de área metropolitana de 14 municipios está totalmente superada pola realidade.

Non me parece unha frase moi acertada e dígoos cariñosamente, “abrir o melón” cando do que se trata é de valorar política, social e economicamente cal é a realidade de Vigo e a realidade con respecto a Vigo dos concellos que nós en campaña electoral propuxemos como integrantes da área metropolitana de Vigo entendendo que así debería de ser. Non queremos facer un debate de 14 ou de 28 concellos, fixemos a proposta electoral que todo o mundo coñece e reafirmámonos. O que si é certo é que a proposta de 14 municipios está totalmente superada.

No Plan Estratéxico, Sra. Porro, fálase tamén da Plataforma loxística do Porto de Vigo e fálase de solo industrial e preguntámonos tranquila pero serenamente como é posible que se poida dicir “abrir o melón” por exemplo á incorporación do Concello das Neves nesta área metropolitana cando forma parte territorialmente da plataforma loxística do Porto de Vigo; como se pode esquecer de Tui e de Tomiño cando se están realizando e se poden realizar accións de solo industrial; como se pode pensar que Pontearreas non forme parte da área metropolitana de Vigo.

Todas estas preguntas condúcennos a que evidentemente Vigo ten que ter unha área metropolitana pero sinceramente, dende o momento que isto se comezou a debater e vostedes presentan esta moción, teñen que recoñecer que case semella a área metropolitana, se non do Partido Popular, si a desexada por el e non sabemos por que motivos. Dinlles argumentacións sobre unha serie de Concellos e poderíallas dar sobre outros tantos.

Dende o Grupo municipal Socialista non queremos abrir ningún melón; queremos dotar a Vigo, nin sequera do que merece, senón do que xa é e ten. Vigo, en todos aqueles obxectivos e competencias, conforma unha área metropolitana real que senten os cidadáns de concellos limítrofes cando se lles pregunta de onde se senten, onde veñen e de onde quererían que houberse políticas conxuntas en beneficio de todos.

Polo tanto nós tamén cremos que nesta ocasión o Partido Popular chega tarde, que volve estar no pasado na área metropolitana e nós o que queremos é converter a Vigo no referente do sur de Galicia e norte de Portugal, que esta área metropolitana real e potente nos faga dialogar, canalizar unha confluencia coa zona de Porto. Esa si que é a área metropolitana e si que pode cumprir perfectamente os obxectivos que nós nos propoñemos. Non os vou numerar aquí pero queremos que Vigo remate sendo o que é xa na práctica e coidamos que o Partido Popular, o seu partido, Sra. Porro, volve desaproveitar a oportunidade de colocar a Vigo onde se merece, onde debe estar.

Polo tanto o posicionamento do Grupo municipal Socialista, como se manifestou en programa electoral e o alcalde reiterou ata a saciedade, é favorable a unha área metropolitana forte, real e que dea a demanda que en toda esta área xeográfica nos merecemos e que Vigo ten que liderar.

Con todas esas premisas que lle dixen, o Grupo municipal Socialista votará en contra da moción presentada polo Partido Popular.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. presidente, vaime permitir que me estenda un pouco neste tema porque coido que estamos diante dun tema efectivamente vital e importante para o desenvolvemento económico, social, político e cultural da nosa cidade.

Paréceme moi ben que se diga que este é un tema para que cada grupo político exprese a súa vontade política e xa ía sendo hora de que cada unha das formacións políticas que representamos á cidade de Vigo falemos claro, non andemos a debater nos medios de comunicación unha ou outra proposta e lles expliquemos ós cidadáns claramente que é o que pensamos da futura área metropolitana.

En primeiro lugar si é bo volver un pouco atrás e que a cidadanía coñeza os antecedentes, que coñeza que efectivamente o Partido Popular dende que gobernou non fixo absolutamente ren pola área metropolitana e que tivo que ser un goberno nacionalista e socialista, un alcalde nacionalista quen, como moi ben lembraba a Sra. Porro, dende 1999 empezou a pular a creación desta área metropolitana.

Efectivamente, chegamos ó día de hoxe cun traballo xa feito, un traballo serio e aí concordo coa voceira do Grupo popular. Fíxose un traballo serio, consensuado ademais por diferentes forzas políticas porque daquela os alcaldes configuraban distintas representacións políticas. Houbo un traballo serio, reunións de valoracións, de estudos, tamén traballos coas distintas consellerías, elaboráronse informes sobre os custos estimativos para a posta en marcha en áreas, sobre organización do transporte na área metropolitana, etc.

Houbo un traballo serio que chega ó 2005 cando se presenta o anteproxecto de lei. Daquela nós xa lle dicíamos ó Partido Popular que, se ben estabamos completamente de acordo coas características dese anteproxecto de lei de área metropolitana, así como da idea desta área, xa daquela dicíamos que non estabamos de acordo tal e como se presentaba o anteproxecto e xa daquela o Bloque Nacionalista Galego presentoulle emendas.

Non nos gustaba por exemplo e séguenos sen gustar, Sra. Porro, que non se recoñecera a área metropolitana como unha entidade local territorial. Para nós iso é

moi importante porque se non se recoñece a área metropolitana como unha entidade local territorial imos seguir tendo distintas administracións paralelas, dobres recursos, dobre custo e xa saben que nós estamos porque as administracións se racionalicen e polo tanto a grande área metropolitana de Vigo ten que ir recabando competencias da propia Deputación porque senón non sería entendible que tiveramos dúas administracións que practicamente abrangueran un mesmo ámbito territorial.

Non nos gustaba que nese anteproxecto non se incluían servizos tan elementais para nós como os de salvamento, protección civil, contra lumes, etc.; non nos gustaba que non se contemplara, por exemplo, o transporte dende a orixe, sexa dentro ou fóra da nosa propia área; queriamos que a área metropolitana participara na ordenación ferroviaria porque vostedes hai uns días falaban da necesidade de impulsar as *cercanías*, etc. e fíxense que con respecto a ese anteproxecto nós lle dicíamos que a área metropolitana debería poder incidir na ordenación da rede ferroviaria.

En definitiva, naquel momento o BNG presenta sendas emendas estando de acordo coa idea, coas características que nese anteproxecto de lei se plasmaban. Por iso non imos votar a súa moción, porque di “Reiterar tal e como está ... a conformidade e o apoio ó anteproxecto de lei”. Non podemos votar algo co que non estamos de acordo e estouno explicando aínda que repito que si coa idea e si coas características pero non con esa lei e con ese anteproxecto.

A partir daí no ano 2006 o señor conselleiro da Presidencia, Sr. Méndez Romeu, aparece falando da creación de consorcios metropolitanos e daquela xa o BNG dixo moi claramente que estaba absolutamente en contra. Defendemos daquela que non se podía comezar de cero e que non se podía desprezar un traballo feito e consensuado por todas as forzas políticas con representación. Ademais dicíamos que criamos que, tal e como quería o Sr. Méndez Romeu, non era necesario establecer un marco xeral a nivel galego para poder empezar coa área metropolitana de Vigo porque Vigo neste intre non precisa de que procesos menos maduros cheguen á súa madurez para iniciar o noso proxecto que está, repito, traballado e madurado.

Pero resulta que hai uns días o Sr. Méndez Romeu aparece con outra nova proposta onde xa inclúe o eixo Vigo-Pontevedra e mesmo Vilagarcía, é dicir, unha proposta

que contempla unha rexión urbana: Rías Baixas e ese tampouco é o espírito co que dende o ano 99 nace a área metropolitana. Nesa proposta, se que esa é a que o Partido Socialista quere levar ó Parlamento, convértese a nosa área metropolitana, claramente nunha área funcional e sen contidos nin territoriais, nin económicos e tampouco competenciais.

Polo tanto en primeiro lugar a min gustaríame saber cal é a postura do Partido Socialista en canto á área metropolitana. Se é a do Sr. Méndez Romeu, Consorcios metropolitanos ou rexión urbana Vigo-Pontevedra-Vilagarcía, ou é a postura que o Grupo municipal Socialista acaba de expoñer agora dunha grande área metropolitana con moitos máis concellos dos que en principio se presentaban. Isto é moi importante sabelo porque evidentemente no Parlamento Galego hai tres forzas políticas e que a ninguén se lle esqueza que a Lei de área metropolitana non se vai aprobar neste Concello, senón no Parlamento Galego e por iso me parece esencial que cada unha das forzas políticas realmente defina cal é a súa vontade.

Agora vou falar e definir a posición, non do Grupo municipal do BNG de Vigo, senón que estou neste Pleno absolutamente autorizado para falar de cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego.

En primeiro lugar o BNG ten claro o modelo territorial que quere para este País, modelo no que a área metropolitana de Vigo obrigatoriamente se ten que inserir, pero inserindo tamén ós concellos e ás comarcas.

O Partido Popular defende unha posición inmovilista defendendo radicalmente ás Deputacións, un modelo que lóxicamente non é o que defende o Bloque Nacionalista Galego.

Nós queremos unha nova ordenación do territorio galego que pase por esas áreas metropolitanas, polos concellos e pola vertebración en comarcas do noso país. Dixémolo dende sempre e seguimos defendéndoo.

Para o BNG polo tanto as propostas sobre as áreas metropolitanas non se poden formular como sinxelas ocorrencias. Hoxe 14, mañá un consorcio ou pasado mañá unímonos a non sei que concellos; as propostas de área metropolitana se teñen que incardinar obrigatoriamente na vertebración dun país, dun territorio.

O BNG tamén ten claro o modelo de área metropolitana para Vigo. Primeiro, queremos que a área metropolitana teña carácter de entidade territorial. Para nós iso é fundamental. Non nos valen nin consorcios metropolitanos, nin áreas

funcionais de planificación estratéxica, é dicir, non nos valen as dúas propostas que neste intre están enriba da mesa por parte da Consellería de Presidencia. O anteproxecto de lei que no seu día se presentou co anterior goberno do Partido Popular dicimos claramente que ten que ser mellorado. Agora ben, este anteproxecto foi precedido dun traballo impulsado polo propio BNG e baseado no consenso que agora non se pode desaproveitar.

Imos falar da base territorial que ten que abranguer esta área metropolitana porque o debate que se estivo dando estes últimos días é falso, o debate non é 14-28, 15-19, o debate é o modelo de área metropolitana e diso é do que temos que falar, sobre o que temos que debater e sobre o que xa había un consenso establecido que non era nin consorcios, nin áreas funcionais de planificación. Polo tanto sobre iso é sobre o que realmente teríamos que debater: cal é o modelo.

Polo tanto para o BNG o modelo é o que parte dos 14 concellos porque no propio anteproxecto de lei explícase moi claramente, e niso si que estamos de acordo, que se podería ampliar territorialmente sen ningún tipo de problema esa base territorial, pero nos parece ó BNG que neste intre o proceso e a idea da área metropolitana está suficientemente maduro como para o levar ó Parlamento, para discutir ese anteproxecto de lei, para que cada forza política poña enriba da mesa as súas emendas e se hai vontade política se aprobe a lei de área metropolitana e unha vez aprobada empezariamos a incorporación daqueles concellos que, como dicía o voceiro do Partido Socialista e estou de acordo con el, xa forman quizais parte diso pero, se ben ese primeiro traballo está maduro, nós coidamos que a aplicación do ámbito territorial da área metropolitana aínda non o está.

Non podo compartir as verbas do Sr. Font de que esta área metropolitana está superada porque nada que non se poña en marcha pode estar superado con anterioridade.

Remato dicindo que creo que hai unha folla de rota moi clara e quero dirixirme ó señor alcalde con todo o cariño porque formamos parte dun goberno que está funcionando e que vai seguir funcionando en toda a lexislatura, pero lle quero dicir que a diferenza entre un líder e un mandatario está en que o primeiro é quen de abandeirar os obxectivos, as ilusións e os retos de todo; un mandatario é aquel que executa aqueles principios que unicamente el cre. Digo isto porque a min me gustaría, e coido que a todos os vigueses e viguesas, que o noso alcalde abandeire

precisamente, lidere esta cidade e a verdade é que isto de 28 concellos sóame tamén un pouco a outros 40 non sei que.

Sinxelamente digo que non debemos condicionar a folla de rota desta cidade por unha sinxela promesa electoral. Saquemos adiante a lei da área metropolitana e ten o compromiso do Bloque Nacionalista Galego de que no prazo máis breve posible, cando isto estea maduro, seremos os primeiros que loitaremos por esa área metropolitana de 28 concellos, pero o primeiro que hai que facer é sacala tal e como estaba consensuada e co traballo xa realizado.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Eu quedaba un pouco calada porque cría que ó Sr. Domínguez Olveira ó mellor lle quería contestar o Partido Socialista xa que lles fixo unha pregunta sobre ese modelo territorial pero non sei se lle contestarán logo.

De todos os xeitos aínda que non sirva para votar esta moción, se serve para que vostedes comecen a falar sobre o fondo do asunto ó mellor xa é un bo camiño e un bo principio para que se chegue a un acordo, pero se quita unha conclusión que é que esta lei de área metropolitana non sae nesta lexislatura precisamente polas grandes diferencias que vostedes teñen. Por iso, Sr. Caballero, unha vez máis dígolle que non se pode enganar á cidadanía dicindo que si a todo no 2007.

O debate sobre o modelo de 14, 28 ou 40 non é tal e aquí téñolle que dicir algo ó Sr. Font: vostede ou non entendeu o que eu dixen ou non leu a moción e non sei que é máis grave. A moción di claramente que coidamos que a área metropolitana ten que nacer co rigor que demanda o proxecto sen prexuízo de que nun futuro se poida abrir á participación de máis concellos.

Iso do rigor significa que nós temos que nacer en base a todos os estudos que se fixeron, a todos os acordos que tomamos todos con anterioridade e a partir de aí poderanse engadir dous, tres ou o que se vexa oportuno en cada momento. Pero se xa nacemos con 28 concellos non vai pasar nada porque iso non vai funcionar. Todos os estudos e os ditames que hai están baseados nos 14 concellos e hai ditames que falan de competencias, de transporte, de mobilidade, económicos; hai un ditame dun catedrático de Dereito Administrativo e finalmente incorporouse ese relatorio de secretarios e interventores. Todo isto non se fixo coa routada de se erguer un día pola mañá e dicir 28. O problema é que outro día ergueuse pola mañá

outro señor do seu partido e dixo 40 e que ten que estar Pontevedra dentro. Non se pode actuar así. Pero no fondo do asunto só hai unha cousa: darlle voltas.

Dende logo que Vigo non contará cunha lei de área metropolitana porque no goberno hai dous partidos que están en desacordo co modelo territorial e iso é o que está detrás de todo este asunto.

Por certo, Sr. Domínguez Olveira, a diferencia entre vostedes e nós, á parte doutras moitas, é que eu non teño ningún problema en recoñecer o traballo que vostedes fixeron dende o ano 99. Así como o Partido Socialista non fixo absolutamente ren eu recoñézolles o seu traballo pero lle lembro que o acordo final foi co goberno do Partido Popular neste Concello e na Xunta de Galicia co acordo dos 14 concellos.

Pero lle vou dicir algo máis porque ás veces semella que se esquecen. Vostedes están gobernando na Xunta de Galicia, entre os dous grupos teñen un deputado máis que o Partido Popular e ese deputado dálles a posibilidade de abrir o debate, poñerse de acordo e aprobar unha lei de área metropolitana. O problema é que vostedes non queren abrir ese debate porque antepoñen os intereses partidistas, de goberno e de poder ós intereses xerais da área metropolitana de Vigo e de todos os seus concellos. Non pensan nos intereses xerais e están pensando única e exclusivamente en non amosar publicamente as súas diferencias sobre o modelo territorial que é moi distinto.

Pero xa chega o colmo das diferencias cando o Sr. Caballero fala de 28 concellos sen se basear en nada. O conselleiro, Sr. Méndez Romeu, fálanos un día do consorcio e outro día erguémonos pola mañá e atopámonos con que anuncia unha lei reguladora de áreas metropolitanas. Isto é un insulto á intelixencia porque as áreas metropolitanas están reguladas na Lei de administración local de Galicia.

Señores do BNG, advírtolles que a nós non nos están enganando pero si a vostedes porque non lles están dicindo toda a verdade sobre o que pretenden facer e non están contando con vostedes e por iso Vigo ó final non vai ter esa lei de área metropolitana. Falaba do Sr. Méndez Romeu pero tamén podo falar do Sr. Touriño de quen teño que dicir que foi un pouco máis sensato porque dixo que hai que chegar a acordos, é dicir, non dixo ren, nin branco nin negro, pero iso si, deulle un tirón de orellas, señor alcalde. Tamén temos aquí o recorte dun xornal onde o presidente da Deputación da Coruña por certo, Sr. Fernández Moreda, fala de que co que se consegue coa área metropolitana é facer outra deputación.

Vostedes queren gañar tempo dando voltas ás cousas pero prexudicando a Vigo, á súa área metropolitana e ós intereses xerais dos seus cidadáns e por iso eu lles pido que abran o debate onde o teñen que abrir: no Parlamento. Defínanse porque van aprobar o que vostedes queiran, haberá ou non interferencias do Partido Popular, terán que escoitar algunha opinión durante ese debate pero este anteproxecto de lei de área metropolitana en ningún caso é do Partido Popular porque é o que conviñemos os 14 municipios que compoñen a área metropolitana e o acordo que eu traio nesta moción é exactamente igual e pódollo facer chegar a todos vostedes se non o teñen.

Polo tanto pídolles que sexan rigorosos, que se non votan esta moción empecen traballar sobre este tema, sobre o seu problema interno de dous partidos xa que o único que lles une é o poder polo poder.

A PRESIDENCIA: A área metropolitana de Vigo é unha opción política da maior importancia neste territorio. Significa o recoñecemento por lei dunha tensión permanente que existe nesta cidade e neste territorio de se constituír coa súa propia vocación de buscar o seu futuro. A área metropolitana de Vigo é máis que unha área de desenvolvemento económico, social, administrativo e político; é un sentimento colectivo de toda a súa cidadanía, transcende ós intereses concretos e particulares e constitúese como un sentimento de identidade colectivo que todos os cidadáns deste territorio compartimos. Compartímolo dende Vigo, dende Nigrán, Pontearreas, As Neves, dende Salceda, Pazos, Baixo Miño e tantos e tantos municipios porque somos un territorio que ó longo de moitos anos labrou unha rede común de sensacións, sentimentos, economía, socioloxía e política.

Isto é o que neste momento está no seu proceso de discusión pública para a súa constitución como unha lei. Nisto Vigo e o seu Alcalde van ocupar o seu lugar, van liderar un proxecto colectivo dunha zona de preto de 600.000 cidadáns para nos constituír nun foro económico de entidade comparable á área metropolitana do grande Porto e superando as áreas metropolitanas que poidan xurdir no contorno no que nos desenvolvemos.

Non eludimos o debate, non agachamos ren do que constitúe o noso proxecto. Puxémonos ó fronte dunha área metropolitana dende o Partido Socialista desta cidade pero agora como alcalde estoume poñendo ó fronte dunha área

metropolitana que é un sentimento e unha vocación de futuro. Ímola levar cara adiante porque os cidadáns así o reclaman, porque nós cremos nela e porque sabemos que o futuro deste territorio ten que pasar por aí.

Témolo que facer dende unha certa ambición, dende a visión do que ten que ser Vigo dentro de 15 ou 25 anos. Non nos podemos quedar en miradas máis curtas de vista que rematan en áreas metropolitanas que están en ámbitos distintos na propia realidade. Neste momento o desenvolvemento de solo industrial máis importante que se está dando en España, o mesmo que en Zaragoza, está sendo en Salvaterra-As Neves: 4,5 millóns de m² de solo industrial. Pois esa moi ambiciosa operación de solo industrial deixaría a súa metade fóra da actual visión da área metropolitana de Vigo.

Polo tanto temos que seren coherentes coas nosas propias decisións e se tomamos unha decisión de desenvolvemento extraordinariamente importante, compartida seguramente por todos os que estamos aquí, e queremos deixar a metade dese desenvolvemento industrial fóra da área metropolitana de Vigo algo non cadraría e por iso o queremos liderar. Querémolo liderar ademais con algunha vocación adicional e é que indefectiblemente o alcalde de Vigo sexa o presidente nato da área metropolitana de Vigo sen votación e iso require a reforma da actual Lei de administración local galega porque aí non está contemplada esa eventualidade. Por iso necesariamente na propia lei da área metropolitana de Vigo hai que cambiar a lei de bases anteriormente aprobada.

Ademais coido que algúns estamos dando mostras nesta visión ampla e ambiciosa da área metropolitana dunha certa xenerosidade política porque é ben coñecido que se se aprobara a área metropolitana de Vigo con 14 municipios a capacidade política do Partido Socialista sería sensiblemente superior á que teríamos cun área metropolitana con 28 municipios. Pero non estamos facendo unha proposta global partidaria, estamos facendo unha proposta que cremos honradamente que reúne os requisitos que necesita esta cidade e este territorio.

Haberá lei de área metropolitana, haberá área metropolitana de Vigo e mais cedo que máis tarde estaremos reunidos nese órgano político da área metropolitana de Vigo porque o tempo o reclama e nesta lexislatura haberá área metropolitana de Vigo e estará sempre ó fronte o alcalde de Vigo porque é o mandato que recibimos

dos cidadáns desta cidade e que percibimos no sentimento colectivo de todos os cidadáns.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, acórdase:

Rexeitar a moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo, formulada pola voceira do Grupo municipal do PP, Sra. Porro Martínez, instando reiterar a conformidade e apoio ó texto referente ó anteproxecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo, consensuado na xuntanza de alcaldes que tivo lugar en marzo de 2006.

9.- (84).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO INSTAR Á CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E Ó MINISTERIO DE XUSTIZA A CREACIÓN DUNHA OFICINA DO REXISTRO DO MERCANTIL EN VIGO ANTES DO 31 DE DECEMBRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de agosto de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Dende o ano 2004, a creación do Rexistro Mercantil en Vigo está pendente de se materializar a pesares das innumerables peticións de creación dende as filas do Partido Popular, tanto a nivel local como autonómico e nacional, chocando frontalmente coa negativa sistemática dos gobernos socialistas galego e nacional.

O certo é que os datos falan por si mesmos e Vigo ten peso suficiente, non só poboacional senón tamén empresarial, para acoller dito organismo na nosa cidade, pese a que recentemente existiu a posibilidade, por parte da administración central, do poñer en marcha sen que Vigo fose tomada en conta, se ben si foron incluídas as cidades de Santiago de Compostela e un novo Rexistro Mercantil en Pontevedra.

Entendemos que, novamente, se debe esixir aos gobernos autonómico e central a inmediata posta en funcionamento dunha oficina do Rexistro Mercantil en Vigo que cubra as necesidades da nosa cidade e da súa área de influencia.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación, co fundamento legal invocado ao principio desta moción, que se tome o acordo que segue:

Instar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como ao Ministerio de Xustiza, a crear, antes do 31 de decembro deste ano, unha oficina do Rexistro Mercantil na cidade de Vigo e pedirilles que, ao efecto, aproben as modificacións legislativas necesarias para que opere con total normalidade na devandita data”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 27 de agosto de 2007, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos a este Pleno unha das grandes reivindicacións da cidade e das súas institucións económicas entre as que podemos salientar a Cámara de Comercio e a propia Confederación de Empresarios, que ata a data desgraciadamente caeu en saco roto.

Fixéronse moitas defensas sobre a posibilidade legal de instalar na nosa cidade esta oficina e fíxose referencia sempre á imposibilidade por non seren capital de provincia. Nós non imos ser os que fagamos un informe xurídico sobre a posibilidade de creación mañá mesmo nesta cidade da oficina do Rexistro Mercantil, pero si me gustaría apuntar unhas notas que redundan precisamente na posibilidade de que mañá mesmo estivese operando.

Tanto a Lei Hipotecaria como o seu Regulamento, como o propio Regulamento do Rexistro Mercantil facultan ó Goberno da Nación para acordar o establecemento de novos rexistros da propiedade e mercantís, así como a modificación da demarcación dos xa existentes. A devandita demarcación poderíase realizar en calquera momento -detalle importante- cando así conveña ó interese do servizo público rexistral, todo iso buscando unha axeitada e eficiente prestación dos servizos rexistrais ós cidadáns. O criterio esencial para ese establecemento e que presidirá a modificación da demarcación é polo tanto a vía da atención ó usuario que neste caso reclamamos.

Unha vez dito isto, cremos que estamos nun claro exemplo de que hoxe en día Vigo non ten oficina do Rexistro Mercantil porque non existiu vontade pola banda do Goberno da Nación de que así sexa.

Vou sinalar unha serie de datos que non saco eu do chapeu, senón que son datos que a propia Cámara de Comercio manexa e coidamos que é unha institución o suficientemente seria nesta cidade como para seren tomada en consideración. Estes datos falan por si sós, así temos que aproximadamente un 54% da poboación da provincia de Pontevedra reside en Vigo e na súa área metropolitana, entendendo unha área de 14 porque se nos imos a 28 aínda sería moito máis esta porcentaxe.

As empresas radicadas no ámbito de actuación da Cámara de Comercio de Vigo, que son nove Concellos, suman máis de 45.000 o que está representando un 62% das aproximadamente 71.000 empresas que existen en toda a provincia de Pontevedra. As empresas deste distrito cameral de Vigo xeraron o ano 2006, 4.662 actos de inscrición no Rexistro Mercantil de Pontevedra e 1.900 legalizacións de libros de contabilidade, cifra que supón máis do 65% dos actos e dilixencias mercantís de toda a provincia.

Pero hai un dato a maiores que se produciu o 31 de xullo deste mesmo ano, no que nun só día a Cámara de Comercio, que colabora dende o ano 93 co Rexistro Mercantil de Pontevedra, tramitou 759 peticións, tiveron que reforzar os servizos de persoal para poder atender a avalancha de reivindicacións.

Estes datos o único que amosan é a necesidade de que Vigo conte o máis axiña posible con esta oficina do Rexistro Mercantil e que exista esa vontade por parte do Goberno da Nación de que así sexa.

Por iso propoñemos ó Pleno a través da moción que instemos tanto á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como ó Ministerio de Xustiza a crear antes do 31 de decembro deste mesmo ano unha oficina do Rexistro Mercantil na cidade de Vigo e pedirilles que ó efecto aproben as modificacións legislativas para que opere con total normalidade na devandita data.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Efectivamente a nosa cidade é de grande tamaño cunha moi importante actividade comercial e industrial e onde se fan numerosos actos rexistrals e polo tanto ningunha dúbida en canto a iso. O que si é inaceptable é que na moción e agora tamén na intervención do concelleiro se fale de que o Partido

Socialista non fixo ren neste tempo para a creación dunha oficina ou dun rexistro mercantil.

Vostedes saben que o último informe que fai a Xunta de Galicia en setembro de 2005 para a creación de rexistros mercantís, entre eles o de Vigo e onde ía algún máis que contan con rexistro de buques como Xixón, Alxeciras e o noso, Vigo, atopouse coa oposición frontal do Consello do Estado e aí algo terán que dicir vostedes porque non fixeron ningún esforzo para que o Consello do Estado fixera un informe favorable e polo tanto saíu só o de Santiago. É máis, nas súas fileiras contan un rexistrador, o Sr. Rajoy, e todos coñecemos tamén o corporativismo que hai nestas cousas. Vostedes presentan unha cousa e fan outra distinta porque tiveron tempo abondo durante os oito anos que gobernaron no Estado e nos 16 que gobernaron aquí para solucionar isto.

En todo caso saben que esta situación, así como outras, estanse dando por non contar Vigo coa carta de capitalidade como nós viñemos e seguimos propoñendo e á que, señores do Partido Popular, pedímoslles dende aquí que se sumen de xeito entusiasta porque así teremos menos problemas á hora de crear xulgados do Mercantil, rexistros do Mercantil ou oficinas do Mercantil.

Eu entendo que o que solicitan é unha oficina do rexistro mercantil, non un rexistro mercantil xa que facía referencia ó regulamento que tamén di textualmente que a creación desta oficina é por proposta da Dirección Xeral dos Rexistros e Notarías ó propio Ministro de Xustiza. Polo tanto nós como estamos convencidos de que é necesaria a creación desta oficina, o que propoñemos é unha emenda porque non son necesarias algunhas das cuestións que vostedes propoñen.

A emenda en concreto di: “Instar ó Ministerio de Xustiza a crear unha oficina de Rexistro Mercantil na cidade de Vigo coa maior brevidade posible”. Isto porque para a creación dunha oficina do Rexistro Mercantil non fan falla modificacións legislativas como vostedes din aquí, iso sería para a oficina de Rexistro. Así o di o propio regulamento e polo tanto sería innecesario. Tampouco fala no propio regulamento da necesidade do informe da Xunta de Galicia para a creación dunha oficina pero si o fai para a creación dun Rexistro.

En todo caso, se vostedes aceptan esta emenda que eu coido que vai na liña de que Vigo conte con todos e os mellores servizos para os seus cidadáns, nós comprometémonos a facela cumprir, non como fixeron vostedes noutras ocasións

nas que se aprobaron aquí mocións e logo foron quedando no esquecemento ou na papeleira. Ademais nos agrada que se interesen agora pola cidade e na época na que gobernaron non fixeran algo para crear esa oficina e darlles o servizo ós nosos cidadáns.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Ás veces as reiteracións non son malas pero coido que esta é a terceira Corporación que reivindica para esa cidade un rexistro do mercantil, aínda que neste caso será unha oficina.

Este é o eterno problema que temos nesta cidade, amen doutros, e precisamente o principal é que esta cidade, como se ven repetindo, tanto cos gobernos do Partido Popular como cos gobernos do Partido Socialista está esquecida. Precisamente na Corporación do Sr. Pérez Castrillo o Sr. Lareo do Partido Popular presidía unha comisión deste Pleno para resolver os problemas que había en Vigo con respecto ós xulgados. Daquela precisamente se propuxo a creación dun rexistro mercantil, falo do rexistro e non dunha oficina porque coido que o que necesita Vigo é o rexistro e non a oficina. Pois ben, malia esta proposta que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos da Corporación no mandato 1999-2003, a estas alturas seguimos sen que fose creado.

En xuño de 2004, presidindo a Corporación a Sra. Porro, a raíz da concesión do Xulgado do Rexistro do Mercantil para Pontevedra presentáronse tamén neste Pleno dúas mocións, unha polo Partido Galeguista e outra polo Bloque Nacionalista Galego. Daquela tamén toda a Corporación votou a favor da creación desa oficina.

Por outra banda, dende o Bloque Nacionalista Galego a través dos seus parlamentarios, concretamente da Sra. Fernández Davila, presentáronse no Parlamento Español mocións, preguntas e interpelacións repetidas e non só falo desta, senón da anterior legislatura. Unha vez tras outra pola Mesa do Parlamento se lle respondeu que para a creación de rexistros se precisaba a modificación da Lei de demarcación e planta xudicial. Esta resposta foi en xuño de 2004 que coincidiu precisamente coa presentación da moción aquí, en Madrid a estas alturas, malia volver presentar por parte da nosa parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento esta mesma moción, estamos esperando a creación dese rexistro.

Os señores do Partido Popular estiveron gobernando antes do Partido Socialista e non fixeron nada por esta cidade. Os señores parlamentarios do Partido Socialista e

os do Partido Popular é hora tamén de que miren por esta cidade e demanden en Madrid o que verdadeiramente necesita esta cidade que é o Rexistro do Mercantil porque cun 80% de traballo que teñen os rexistros de Pontevedra procedente da cidade de Vigo, é hora de que se cre e en troques de traer mocións aquí, cousa positiva porque todos os grupos políticos e toda a Corporación se debe engadir, señores do Partido Popular e tamén señores do Partido Socialista, que fagan o seu traballo os seus parlamentarios, que miren por esta cidade para que os cidadáns e toda a sociedade viguesa en conxunto teñan o que se merecen.

SR. CONDE GIL: Primeiro gustaríame contestarlle a don Santos Hector, compañeiro da Corporación que me alegra que coñeza tan ben a profesión do noso líder e futuro presidente do Goberno, Mariano Rajoy. En todo caso estou seguro dunha cousa: se se rexeita esta moción e se o Partido Socialista segue coa indignidade política de privar a Vigo do rexistro mercantil, a partir do mes de marzo o Partido Popular encargárase de traer este organismo á cidade de Vigo; iso está claro.

Falaba de que non fixo nada facendo alusións históricas ós diferentes gobernos e eu só querería lembrarlle unha cousa. No ano 2004 quen era ministro de Xustiza ata hai moi pouco, Sr. López Aguilar, estivo na cidade de Vigo co Sr. Touriño agora presidente da Xunta e nun mitin en Vigo fixo a promesa de que o máis axiña posible Vigo tería este rexistro mercantil que estamos reclamando.

Se o queren lear con que se oficina ou rexistro, evidentemente o rexistro non é algo etéreo que poida estar funcionando nunha furgoneta, precisa dunha oficina, pero independentemente diso hai un claro exemplo de que o Partido Socialista non fixo nada por implantar esta oficina.

Non debemos írmonos ó ano 2004, nin sequera ó ano 1999, voume a febreiro deste ano, hai poucos meses. Este mesmo ano aprobouse polo Goberno o Real Decreto 172/2007, polo que se modificou a demarcación de determinados rexistros mercantís e no que malia as reiteradas peticións, como aquí se aludiu e ninguén o nega, o Goberno debería ter unha clara vontade e tiña un momento ideal para crear esta oficina do rexistro mercantil na nosa cidade e non o fixo, atévome a dicir que privou deliberadamente á cidade de Vigo desta oficina do rexistro mercantil porque daquela na cidade de Vigo gobernaba o Partido Popular.

Vou máis aló. En febreiro dese mesmo ano e durante toda a tramitación dende o mes de novembro en que no Parlamento de Galicia o Partido Popular de Galicia solicitou á Xunta de que se procedese á creación desta oficina, o candidato do Partido Socialista, Sr. Caballero, daquela presidente da Autoridade Portuaria, estivo calado. Quizais o rexistro mercantil non é tan publicitario como pode ser o tema do AVE polo que renunciou temporalmente, tal e como ven na prensa, á súa candidatura. Quizais podería ter feito presión daquela para que precisamente se aprobase este rexistro mercantil para a cidade de Vigo.

Eu píddollo agora, xa que acotío estamos escoitando na prensa que ten tanto predicamento co Goberno de Madrid, que levante o teléfono, que lle diga ó señor ministro de Xustiza que por favor dite un real decreto do Consello de Ministros coa maior brevidade e que nos poña esta oficina en Vigo dunha vez.

Non fai falla, don Santos Hector, ningunha carta de capitalidade para a cidade de Vigo para crear este rexistro mercantil na nosa cidade pero, por certo, tamén é un proxecto que se vendeu con grande pomposidade como proxecto fantástico e tampouco sabemos nada desa carta de capitalidade.

Por todo isto nós imos rexeitar esa emenda que nos propoñía porque precisamos xa fixar unha data e como o 2007 é o ano dos grandes proxectos para esta grande cidade que é Vigo, engadamos un máis, insten ó Ministerio e á Consellería de Xustiza para que cren este rexistro mercantil en Vigo o máis axiña posible.

Un dato para quen dicía que o Partido Popular non fixo nada en todos estes temas. Lémbrolles que hoxe en día en Vigo temos dúas Seccións da Audiencia Provincial de Pontevedra delegadas na nosa cidade, a Sección Quinta e a Sexta, e temos tres Xulgados do Contencioso-Administrativo que están funcionando na cidade de Vigo porque tomamos o liderado político de modificar a Lei de demarcación e planta xudicial e de implantalos aquí.

Fronte esa mesma vontade que tivemos nós daquela, en febreiro de 2007 cando se aprobou este Real Decreto privouse deliberadamente á cidade de Vigo de ter o rexistro mercantil e déuselle á cidade de Santiago e á cidade de Pontevedra un segundo rexistro mercantil. Esa foi unha vontade política do goberno socialista e de ninguén máis. Por iso mantemos a moción tal e como a presentamos no seu día e sometémola a votación.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O que está a facer é confirmar o que viña dicindo, vai dando datos de cando vostedes gobernaron e quedou todo sen facer.

Ninguén deliberadamente pretende que a nosa cidade non teña os mellores servizos, a proba é que vostedes agora mesmo presentan unha moción e non aceptan unha emenda para acadar esta oficina. O que lles interesa é facer o discurso, sementar dúbidas e o do servizo ós cidadáns e ás nosas empresas impórtalles bastante menos.

En todo caso si que hai diferenza entre un rexistro e unha oficina mercantil, non é só cuestión de localización física nunha furgoneta. Un rexistro mercantil ten un rexistrador propio e unha oficina, como vostedes propoñen na súa moción, é unha delegación de rexistro que o sería dos que están en Pontevedra.

Ademais ratifícome e indicaba a profesión do seu líder, Mariano Rajoy, por eses intereses corporativos xa que el é de Pontevedra. Terá algún interese nalgún deses rexistros para que non se abra un rexistro aquí? A proba está na súa resposta, por unha lado piden oficina e polo outro non aceptan a emenda porque así dá para facer un pouco máis de ruído.

En todo caso se aceptan a emenda nós votaremos a favor, de non ser así rexeitaremos a moción.

A PRESIDENCIA: Entendo que non se admite a emenda por parte da oposición, sometemos por tanto a moción na súa versión orixinal tal e como figura na proposta do Partido Popular.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, acórdase:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, relativa a instar á Consellería da Presidencia e ó Ministerio de Xustiza a creación

dunha oficina do Rexistro Mercantil en Vigo, co texto que se transmite nos antecedentes deste acordo.

10.- (85).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO INSTAR Á SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA A MELLORA DOS MEDIOS PARA A TRAMITACIÓN DO DOCUMENTO DE IDENTIDADE ELECTRÓNICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de agosto de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

“A demanda do DNI electrónico segue aumentando, pero a oferta cada día está máis estancada. As esperas para obter o documento nas dous únicas Comisarías da Policía Nacional en Vigo, situadas en Luís Taboada e López Mora, chegan superar as cinco horas.

A pesar de pechar durante varias semanas a oficina do DNI da Comaría de Luís Taboada para se adaptar ás novas tecnoloxías, realizar obras de mellora e adaptación ao sistemas de expedición electrónica do DNI, preto dun cento de vigueses quedan, cada mañá, ás portas das comisarías sen a oportunidade de renovar ou tramitar este documento.

Ademais, as propias oficinas fixan un límite de carnés para expedir cada día nun documento obrigatorio, co que ao final da xornada tan só se expiden uns 200 carnés de identidade.

As vacacións e o horario de verán que aplican as oficinas para tramitar os documentos electrónicos provocan que as colas para a súa renovación se incrementen, chegando a duplicarse, e as oficinas limitan a cifra de carnés diarios admitidos.

Por todo o exposto, solicitamos á Corporación do Goberno Municipal do Concello de Vigo que inste á Subdelegación do Goberno na provincia de Pontevedra que:

Preveña e revise o bo funcionamento dos equipos técnicos e informáticos cos que se tramita o documento electrónico nas comisarías viguesas.

Habilite os medios materiais e humanos, co incremento de persoal necesario, e aumente os horarios das oficinas, de xeito que se reduzan as colas diarias e se permita aos cidadáns obter un documento que é obrigatorio, no menor tempo posible.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 27 de agosto de 2007, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: En pleno século XXI, cando por parte das distintas administracións públicas o que se pretende, tanto pola Administración estatal como pola autonómica e a local, é dar un mellor servizo ós cidadáns, con mellores funcionarios cada vez máis preparados e capacitados que se introducen na Administración por mérito e capacidade e tamén con mellores servizos materiais, atopámonos con que dende o Ministerio do Interior pretenden modernizar a Administración pública con ese sistema electrónico de DNI pero en troques o que acadan é empeorar dun xeito radical ese servizo.

Nestes meses de verán os cidadáns de Vigo e tamén de moitas outras cidades, aínda que aquí nos preocupan os de Vigo, víronse obrigados a esperar horas e horas e sen embargo nin sequera ter un sistema de cita previa para obter un documento que é obrigatorio como é o Documento Nacional de Identidade.

Ademais hoxe en día cos sistemas que se implantaron de prevención nos distintos aeroportos, para viaxar os nenos en avión tamén é necesario que teñan ese DNI.

Por iso este verán non só aumentou esa demanda do DNI por obriga das persoas que teñen a necesidade de renovar ou ter un carné a partir dos 18 anos, senón que por viaxes, moitas foron as familias que tendo preparadas as súas vacacións de verán tiveron que as pospoñer ou non aceptar unha determinada oferta xa que non todos se poden permitir gastar moitos cartos en vacacións de verán, senón que se viron abocados a perder unha viaxe ou quedarse aquí.

Non ten ningún sentido que se pretenda modernizar a administración pública e sen embargo eses servizos obrigatorios empeoren de xeito notable. Por iso dende o Grupo municipal popular solicitamos con esta moción da Corporación municipal do Concello de Vigo que se inste á Subdelegación do Goberno da provincia de Pontevedra, como responsable de toda a administración periférica do Estado, a que revise o bo funcionamento dos equipos técnicos informáticos cos que se tramita o Documento electrónico nas comisarías viguesas, habilite os medios materiais e humanos co incremento do persoal necesario e amplíe os horarios das oficinas de xeito que se reduzan as colas diarias e se lles permita ós cidadáns obter un documento obrigatorio no menor tempo posible.

Repetimos que algo ten que fallar nesa modernización, que non nos podemos permitir nas administracións públicas que cando estamos presumindo de modernizar, de informatizar, precisamente o que se faga sexa empeorar ese servizo. Por iso sométese este tema a debate na Corporación.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Que non se preocupe o Grupo municipal do Partido Popular que esta moción, malia o seu descarado oportunismo, vai ser votada a favor por este Grupo municipal Socialista.

Quero empezar precisamente cun canto á grande modernidade que supón por parte da Dirección Xeral da Policía o método que se está a utilizar para expedir os novos carnés de identidade. Direille que é un orgullo para a Dirección Xeral da Policía, para un Goberno do Estado propio do século XXI porque é unha tecnoloxía absolutamente novidosa e complexa, absolutamente toda de carácter nacional, algo feito en España e indubidablemente que pola súa complexidade ten problemas no seu arranque.

Eu supoño que unha vez que pasaron os primeiros días de funcionamento da terminal catro de Barajas todo o mundo deuse conta de que era absolutamente lóxico que aqueles primeiros días fosen de dificultade para logo ter un funcionamento coido que espléndido.

Cos novos carnés de identidade vai pasar exactamente o mesmo e de feito xa está pasando. Calquera cidadán, e digo calquera porque se dá o fenómeno de que son moitos os visitantes á cidade os que tentaron e acadaron sacar o seu carné de identidade novo nas propias comisaría de Vigo porque é algo absolutamente aberto a calquera cidadán de España e de Galicia. É un servizo para todos os vigueses e viguesas pero absolutamente aberto a todos.

Esa expedición faise xusto en 15 minutos agás cando hai un problema informático que todos sabemos que no arranque é lóxico que aconteza algo deste tipo.

Houbo unha grande demanda precisamente pola modernidade, polo grande avance que supón este tipo de carné. Esa demanda dáse absolutamente en todos os sitios de España, daqueles que o necesitan, como ben dicía a concelleira Sra. Molares, pero tamén dalgúns que posiblemente non o necesiten con tanta urxencia.

Proba de que non debe estar funcionando tan mal é que dende xaneiro deste ano ata o 15 de agosto expedíronse practicamente 4.000 carnés de identidade máis que

o ano anterior, é dicir, non debe estar funcionando tan mal aínda que obviamente hai problemas que hai que recoñecer. Precisamente porque os hai este goberno e de forma significativa o alcalde, xa fixeron xestións preto da Subdelegación de Goberno que van ter cumprimento nos próximos tempos.

Esperemos que a maiores de ampliar persoal e horarios se poida poñer en marcha un novo local que está tendo algúns problemas administrativos no seu inicio pero poderemos contar con el en Pi i Margall dentro de non moito tempo e así esperamos que esta demanda que é xusta e por iso a imos aprobar, malia do oportunismo e do retorcemento da xustificación á hora da formular porque o que nos preocupa son os vigueses e as viguesas. Precisamente por iso, a maiores de seguir insistindo para que isto se resolva e así se están dando pasos por este goberno, imos apoiar esta moción do Partido Popular aínda que esperemos que non sirva de precedente xa que o que presentan é bastante pobre en moitas ocasións.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Dende que se implantou o DNI electrónico as comisarías de Vigo están sufrindo un colapso derivado da alta demanda cidadá para realizar este trámite e un día tras outro son novas dos xornais precisamente as colas do DNI nas dúas comisarías.

Está claro que esta situación ten a súa orixe na falla de persoal para enfrontar a carga de traballo derivada da nova situación e as carencias tanto tecnolóxicas como na falla de adecuación das instalacións.

Segundo a Subdelegación do Goberno vaise crear unha nova oficina na rúa Pi i Margall pero parece ser que o edificio aínda non está rematado. Supoño que isto será así mentres non se faga unha nova comisaría pero os proxectos non están realizados, aínda non sabemos onde estará localizada.

O 3 de agosto a nosa parlamentaria, Sra. Fernández Davila, presentaba unha interpelación na Mesa dos Deputados para lle preguntar ó goberno que medidas se ían adoptar para resolveren esta situación de colapso e cando prevía precisamente o Goberno central que se centralizase a tramitación da expedición dos DNIs. A necesidade de incremento de persoal é fundamental porque posiblemente só co cambio de sede non se resolva o problema.

Polo tanto cremos que dende o Concello tamén nos debemos engadir a esta petición para que efectivamente se dote das necesarias medidas, tanto de

incremento de persoal como a nivel tecnolóxico, para que os cidadáns de Vigo non teñan que soportar unha vez tras outra as colas que nestes momentos se están producindo.

Nese sentido anuncio o noso voto favorable.

SRA. MOLARES PÉREZ: Gracias o BNG por manifestar o seu voto a favor desta moción porque para calquera político que se digne votar en contra desta moción sería algo totalmente ridículo pero do Grupo socialista, en concreto do Sr. Calviño, me esperaba calquera cousa.

Que o Sr. Calviño fale de oportunismo cando todos os cidadáns e todos os políticos vimos o seu cambio de opinión co multa-móbil dun día para outro, cando o utilizaban no seu partido para atacar ó goberno e manter así un posto na súa lista, a agora como responsable de Mobilidade. Que nos vai dicir vostede con esas e moitas outras declaracións, como xa comentaba o Sr. Guerra cando o escoitamos falar dos policía, dos bombeiros, como se a xente dende o mes de xuño cara atrás non tivera memoria. Pero si a ten.

De todos os xeitos, ademais desa indignidade política que suporía non apoiar este tema, teño aquí un recorte do 19 de maio de 2007 no que se di: “Unhas 70 persoas marcharon a casa sen o documento onte malia esperar horas fronte á Comisaría”, un medio local di que “Tras a indignación inicial case unha vintena de afectados denunciaron formalmente as anomalías do servizo. É unha vergoña”. Iso din os cidadáns ós que non lles parece marabilloso ese sistema electrónico, senón que lles parece unha vergoña.

“É unha vergoña (afirmaba unha señora), xa saquei á miña filla catro veces do colexio para vir aquí, levo dende setembro tentando renovarlle o carné que xa caducou hai tempo”. Pero claro, ó Sr. Calviño que un cidadán ou unha cidadá teña que perder días do seu tempo persoal para facer un trámite da administración, parécelle que un grande logro da administración. A min non mo parece e ó meu grupo tampouco.

Coido que dende as administracións públicas estamos para mellorar, estamos no século XXI e non se pode permitir dicir a ninguén “Volva vostede mañá”, temos a obriga, non é que o esteamos facendo porque se nos ocorra ou porque sexamos magníficos políticos.

Hai administración estatal, autonómica e local e temos a obriga de facer o necesario para que os cidadáns teñan os mellores servizos no menor tempo posible. Os cidadáns demandan de nós unha administración non só eficaz, senón eficiente e polo tanto o proceso de modernización da administración pública é unha premisa fundamental para calquera xestor público e para calquera político.

Mellorar a administración, achegala ó cidadán, simplificar os procedementos e modernizala non é un logro do que poidamos presumir, é unha obriga e polo tanto, aínda que é valorable que se tentara pola Administración do Estado mellorar este servizo mediante un sistema electrónico, non se pode dicir que sexa positivo que se puxera en marcha ocasionando ós cidadáns e cidadás de Vigo e de moitas outras provincias e cidades de España un prexuízo tan importante e sobre todo seméllame pola súa banda unha vergoña que diga aquí que isto é un oportunismo e unha verdadeira parvada porque case é o que dixó.

Alégrame que o Bloque Nacionalista Galego o teña claro, e así tamén o expuxeron a través dun dos seus deputados a nivel estatal porque o que temos que facer os políticos é estar preto dos cidadáns e atender ás súas demandas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Pediríalle ós representantes do Grupo municipal do Partido Popular que se relaxen un pouco porque coido que están un pouco desnortados, semella que o pase á oposición non o dixeran ben.

Eu insistín en que iamos apoiar esta moción e dicíallo claramente porque o primeiro son as viguesas e os vigueses para este goberno e obviamente as molestias que se están a ocasionar con este novo sistema que, precisamente por ser novo, ten dificultades técnicas indubidables que todo o mundo ten que recoñecer, pero vostede por exemplo non recoñece que 3.637 carnés de identidade máis que na mesma etapa do ano pasado supón que si hai un importante avance; iso malia o novo sistema que permite que absolutamente todo o mundo, sexa vigués ou non, faga o seu carné de identidade novo nas comisarías de Vigo.

Supoño que van estar así todos os Plenos. De verdade que vai ser a última vez que lles vou responder cando fagan referencia á miña presenza no mandato anterior. Aconsellaríalles que antes de dicir determinadas cousas lean as actas, que lembren, que teñan memoria e que saiban por exemplo que non houbo nunca por parte deste concelleiro que lles fala unha posición multa-móbil si ou non porque dixen

absolutamente claro neste Pleno da Corporación repetidas veces que vostedes quedaron de explicar un procedemento que fora admitido e fose legal e non foron quen do facer, non cumpriron tal e como adoitaban.

Nós imos facer xusto o contrario, imos cumprir todas as mocións que se aproben neste Pleno aínda que vostedes xamais nos explicaron na Comisión de Xestión Municipal cal era o sistema, que agora si está perfectamente claro e perfectamente legal e por iso se están a tomar as medidas oportunas.

Igual que non queren recoñecer realidades como a de que hoxe, catro anos logo de que eu fora tamén concelleiro responsable da Policía, haxa trinta e tantos policía menos no cadro de persoal e vostedes saben perfectamente por que e non o resolvían nin coas 26 prazas de policía, porque non vale incluír sarxentos e cabos que non supoñen novos incrementos da Policía senón todo o contrario, Sábeno porque estiveron paralizano algo que é unha medida progresista como unha Oferta Pública de Emprego precisamente para tentar acadar o que vostedes saben moi ben e que non lles vou insistir nin lles vou entrar en futuros momentos.

Coido que a indignidade está claro de onde ven, faino do outro lado e non deste da bancada.

SRA. MOLARES PÉREZ: Por alusións, sobre todo porque me chamou desnortada coido que lle teño que contestar.

A PRESIDENCIA: Non Sra. Molares, o debate está pechado. No debate claro que hai enfrontamento e o que houbo foi unha resposta e polo tanto necesariamente ten que asumir isto, que é un debate.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e fe feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Molares Pérez, relativa a instar á Subdelegación do Goberno en Pontevedra a mellora dos medios para a tramitación do DNI electrónico, co texto que se transmite nos antecedentes deste acordo.

11.- (86).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA OBRAS EN CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA E SINATURA DE NOVO CONVENIO DE OBRAS NO PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de agosto de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"En febreiro do ano 2005, o Concello de Vigo adheriuse ao IV Convenio de Cooperación entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución e mellora de instalación deportivas. En virtude deste acordo, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Deportes, comprometeuse a executar dous novos campos de fútbol de herba sintética na cidade de Vigo, un en Navia e outro en Barreiro, e a mellorar outro, o de Monte da Mina, na parroquia de Castrelos.

O anterior goberno da Xunta de Galicia adxudicou as obras de mellora deste último campo de fútbol, o de Monte da Mina, que xa foi inaugurado, mentres que as instalacións de Navia e Barreiro continúan nas mesmas condicións.

Sendo director xeral de Deportes da Xunta de Galicia D. Santiago Domínguez, enviáronse varios escritos dende o Concello reclamando o cumprimento do convenio e a execución destas importantes infraestruturas deportivas.

A finais do ano 2006, por parte da Dirección Xeral de Deportes anunciouse a través dos medios de comunicación a inminente execución do campo de herba sintética de Barreiro, unhas obras que non se iniciaron ata o día de hoxe.

Por todo isto, o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

"Que o Goberno municipal inste á actual Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia a executar as obras dos campos de fútbol de herba sintética en Navia e Barreiro, que dan cumprimento ao convenio que se asinou no seu momento.

Ademais, negociar coa administración autonómica a sinatura dun novo convenio 2007-2011 no que se contemplan as obras do Plan de Infraestruturas Deportivas do Concello de Vigo 2005-2010, presentado no anterior mandato e que inclúan infraestruturas imprescindibles para unha cidade que, como Vigo, aspira a acoller un evento de magnitude internacional como a Universiada."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 27 de agosto de 2007, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: En febreiro do ano 2005 o Concello de Vigo adheriuse ó IV Convenio de cooperación entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra para a execución e mellora de instalacións deportivas. En virtude deste acordo a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Deportes, comprometeuse a executar dous novos campos de fútbol de herba sintética na cidade, en Navia e en Barreiro, e mellorar outro no Monte da Mina na parroquia de Castrelos.

Este convenio comezouse a executar, de feito o Director Xeral de Deportes daquela, o Sr. Domínguez Olveira, e máis eu como concelleira de Deportes, inauguramos o do Monte da Mina coido lembrar que en setembro. Dende aquela se anunciou e sei que se estaba traballando na nova instalación de Barreiro e ademais se acordara co anterior Director Xeral de Deportes, co que se asinara este convenio, que as instalacións se executaran de xeito consecutivo e unha vez que se rematara unha comezaríase outra. Pero como pasou polo medio unha campaña electoral, agora hai outro goberno e non quero que o vexan coma un resentimento como mencionaban antes, nin como un desnorte, senón que sinxelamente a oposición temos que traballar, Sr. Calviño, non porque esteamos nin desnortados, nin resentidos, senón porque tamén dende a oposición se fai control político e se debe traballar cun sentido construtivo e así o quero salientar nesta moción.

Non presento a moción porque dubide de que o Director Xeral de Deportes daquela, Sr. Domínguez Olveira, non quixera executar ou paralizar este convenio porque me consta, polas negociacións que levabamos e por escritos que nos intercambiamos entre as administracións, que todo estaba en marcha para o pronto remate desa instalación de Barreiro. Non dubido do seu bo dispor para o facer, Sr. Domínguez Olveira, pero houbo un cambio de tres directores xerais en menos de dous anos nesa Dirección Xeral e o que queremos dende o Grupo municipal Popular é que este Pleno realmente inste á Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia a que eses dous campos novos de herba sintética en Navia e Barreiro que se necesitan para a cidade, se executen agora que comeza o novo curso deportivo.

No mandato pasado tentamos negociar un plan de infraestruturas deportivas tamén co daquela director xeral de Deportes e por iso pedimos que se siga esa negociación para un novo convenio ademais de executar estes dous.

Deseguido a Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. ALONSO PÉREZ: Alégrome de que agora na oposición o Partido Popular se preocupe de asuntos de deporte e mágoa que cando foron goberno non fose unha prioridade.

Non me alegra ren e téñollo que dicir, Sra. Molares, que vostede faga unha moción escrita en galego e a traduza.

Quería facer algunhas precisións a respecto da moción e explicar por qué imos votar en contra.

Primeiro, non é exacto que o Concello de Vigo cando vostedes estaban no goberno solicitara o cumprimento do convenio á Dirección Xeral porque máis ben foi o contrario. Era a Dirección Xeral quen lle demandaba información e o cumprimento da súa parte ó Concello de Vigo, ademais en asuntos tan importantes como a parte económica do convenio. Voulo explicar para que saiba en que situación está cada un dos campos.

Ó campo de Navia por parte do Concello cando vostedes eran goberno non se lle habilitaron os terreos e a estas alturas aínda non o están. Agora tócanos a nós facelo e ímolo facer.

En canto ó campo de Lavadores hai unha oposición da Asociación de Veciños de Lavadores á construción dese campo e non era bo momento en período electoral abrir a negociación. Nestes momentos imos abrir esa negociación para construír o campo de Barreiro en Lavadores e temos que dicir ademais para o seu coñecemento que conta co apoio de Afavi que é unha asociación de fútbol afeccionado vigués que se acaba de constituír o 30 de xullo. Coido que é moi bo que vinte e tantos clubs de fútbol afeccionado vigués por primeira vez crearan unha agrupación.

A respecto do campo do Monte da Mina de Castrelos, como saben a Xunta rematou o campo, ademais de cumprir a parte do convenio que lle correspondía fixo o peche do campo que non o tiña que facer a Dirección Xeral. Non é o caso dos campos que iniciou a Deputación que, por certo, aí si que o seu partido lle debería instar á Deputación a que rematara os campos de herba sintética que iniciou.

Sra. Porro, se non entendeu ben aclárollo: poden instar ó Partido Popular na Deputación a que remate os campos que iniciou porque, de non ser por este goberno que fixo unha modificación de crédito para alumear campos, non se podería iniciar o campionato este ano, como no campo da Guía ou o do Meixoeiro. Por iso é bo que tamén dende a Deputación rematen as obras deportivas que inician, non deixalas empantanadas e que teña que ser este goberno mediante unha modificación de crédito quen as remate.

Sr. Figueroa, pode rir todo o que queira pero se este concelleiro non se preocupase estarían sen alumeados campos de fútbol que iniciou a Deputación e houbo que ir á unha modificación de crédito.

A respecto do plan de infraestruturas deportivas dicir que o único plan que houbo nesta cidade elaborouse sendo alcalde o Sr. Pérez Castrillo e concelleiro de Deportes o Sr. Domínguez Olveira, plan que herdou o goberno do Partido Popular e non foi quen de desenvolver. Xa poden estar tranquilos porque agora hai outro goberno, este concelleiro xa entrou en contacto coa Dirección Xeral e esta Concellería de Deportes e a Dirección Xeral imos desenvolver este plan de infraestruturas deportivas que, como ben di a moción, son importantes para afrontar un evento como a Universiada.

Téñolles que dicir que a Universiada non é un evento do BNG, non é do goberno. A Universiada é un evento da cidade e, diría máis, un evento de toda Galicia. Para iso se vai crear unha comisión onde o Partido Popular, se quere, vai poder traballar porque esta comisión vai estar aberta a toda a sociedade viguesa.

SR. LÓPEZ FONT: O Grupo municipal socialista vaise opoñer á moción presentada polo Partido Popular por considerar que segue na liña doutras presentadas de auto-xustificar o non realizado cando eran goberno e esixir que os demais fagan o que vostedes como goberno non foron quen.

Explicouno moi ben o concelleiro de Deportes e eu engádome á súa explicación. Coido que vostedes non están en contacto coa cidadanía, coido que vir aquí propoñer o campo de fútbol de Barreiro cando é unha demanda da asociación cultural e veciñal que se constrúa outro tipo de instalación deportiva di moi pouco, non xa do que fixeron como goberno, senón do que a Sra. Molares di que deben

facer como oposición. Pois como oposición hai que estar en contacto cos cidadáns, hai que saber o que dalgún xeito estes demandan.

Nós tamén manifestamos o mesmo que o Sr. Alonso que todo o que pretenden aquí que faga este goberno, vostedes con dous vicepresidentes na Deputación farían moito en favor cidade de Vigo se estas mesmas esixencias as levasen á alí e acadaran que a Deputación do Partido Popular, que non consegue a presidencia malia uns resultados magníficos segundo vostedes, redundase en beneficio da cidade de Vigo. Polo tanto coido que se deben aplicar máis internamente vostedes, xa que gobernan a Deputación Provincial de Pontevedra, no que se pode facer dende alí e ter moi en conta as demandas dos cidadáns.

Nós como Grupo municipal socialista tamén votaremos en contra desta moción.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Font, lamento comunicarlle que estou totalmente en contacto coa cidadanía, tanto coas asociacións de veciños como coas deportivas e son coñecedora desa oposición da Asociación de veciños, non se equivoque. Ó mellor non teño as táboas políticas que ten o Sr. Alonso que foi candidato como deputado ó Congreso no ano 77 cando eu estaba facendo a comuñón, pero non se crea que son parva. Ademais lle digo que ó mellor quen necesita ter contacto, non coa cidadanía, senón cos señores que ten detrás de vostedes, señores Domínguez e Alonso, é vostede porque se eu non lle entendín mal o Sr. Alonso dixo que antes dunhas eleccións non era o momento para levar a cabo unha infraestrutura deportiva demandada polos clubs de fútbol e con oposición da asociación veciñal, non dixo que agora non estea de acordo e o pensara facer. Aí está o talante, que se teña que negociar e chegaren a un acordo entre a asociación veciñal e os clubs de fútbol.

Pero teño aquí un escrito que me dirixiron no seu día os presidentes do Gran Peña e o do Club Deportivo Nieto que, por certo, estiveron con el hai uns días e dicíame que se estivera eu na Concellería de Deportes os temas do campo do Meixoeiro estarían resoltos e así dígollo ó Sr. Alonso. Di aquí: "A proposta ven motivada a raíz dunha xuntanza que tivo lugar entre as xuntas directivas dos nosos clubs e o Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, don Santiago Domínguez Olveira, o pasado xoves 20 de abril de 2006, na que este adquiriu o compromiso persoal da realización da obra completa pola Xunta de Galicia do campo de fútbol de herba

artificial de Barreiro dado que ten o presuposto necesario para a obra sempre e cando esa Concellería que vostede dirixe dea a autorización pertinente á cesión temporal dos mesmos". A isto contestámoslle que xa estaban cedidos eses terreos dende que se asinara o convenio.

Pero en canto ó que o Sr. Alonso dicía de que pola miña banda non houbera insistencia, unha cousa é que a houbera nos medios de comunicación e outra que non a houbera no sentido político-administrativo porque cada quen ten o seu xeito de facer política. Pero lle podo ler varios escritos de 2006 dirixidos ó Director Xeral de Deportes, sobre todo un parágrafo no que se di: "Por último aproveito a ocasión para solicitar a concreción das datas de inicio das obras doutras instalacións deportivas como é o campo de fútbol de herba artificial en Barreiro, dado que os equipos da zona demandan continuamente o inicio dos mesmos".

Hai outro escrito tamén do 2006 que di: "Hei subliñar que os clubs deportivos demandan con insistencia como é lóxico este equipamento, polo que unha vez máis requirímoslle o comezo das obras o antes posible en cumprimento do convenio de referencia". Polo tanto non son palabras, non son conversas, son escritos que constan nas dúas administracións públicas, Xunta de Galicia e Concello de Vigo.

En canto a que diga que dende a Deputación provincial non se apoiou ó deporte da cidade de Vigo, téñolle que falar de nove campos de herba sintética. Pero se lese os dous convenios que se asinaron coa Deputación Provincial, podería ver que esta se facía cargo da substitución dos campos de terra por herba sintética e que o Concello de Vigo asumía poñer as infraestruturas necesarias para deixar as instalacións en perfectas condicións. Isto quere dicir alumeado, porque todos sabemos que a herba sintética require máis capacidade iluminadora que nos de terra, o alumeado de terra non serve para herba sintética; necesitan axeitar os vestiarios e facer os peches. Iso pono o convenio que quedou asinado. Tamén que a Deputación Provincial ten que facer o mantemento a partir de agora e iso quedou asinado.

Respecto ó Campo da Mina había un convenio de 2.190.000 euros para facer tres infraestruturas deportivas, aínda que tampouco se concretaba se peche si ou non. Eu loxicamente daquela tiraba para que o Concello puxera o menos posible e a Xunta a que máis.

O que queda claro é que se do convenio de 2.190.000 se investiron segundo a información que teño ó redor de 614.734,77 euros por parte da Xunta de Galicia, queda a diferenza en euros para que a Xunta de Galicia os invista na cidade de Vigo.

En canto a que diga que este goberno non fixo ren en infraestruturas nin en materia deportiva dáme a risa, podería calar porque todos os clubs de fútbol e todos os medios saben que este goberno do Partido Popular deu prioridade xusto en infraestructura deportiva e investimento en deporte. Agradézollo á alcaldesa daquela, Sra. Porro, e a todos os compañeiros que fixeron que o deporte fora unha prioridade para este goberno incrementando non só as subvencións, senón todo o presuposto de deporte.

As infraestruturas deportivas que se fixeron sen axuda da Xunta de Galicia foron: nove campos de herba sintética, tres piscinas en distintos barrios da cidade, oito pistas polideportivas, a primeira fase dun pavillón e distintas reformas que tamén eran importantes, como as das pistas de atletismo, o solo do pavillón de Coruxo, de Carballal, de Coia e moitas outras. Por iso dicir que en materia deportiva o goberno do grupo municipal popular non deu prioridade, dende logo que quere dicir que vostedes son quen de dicir calquera cousa.

SR. ALONSO PÉREZ: Non sei se é unha cuestión de táboas pero acaba de ter un lapsos grande, quizais tentando lembrar todo o que deixou pendente o Partido Popular. “Se eu chego ser concelleira de Deportes estaría o campo do Meixoeiro rematado”. Vostede sabe que para este campo, o mesmo que para o da Guía, non había convenio do Concello coa Deputación, non estaban acordados e tivo que ser este goberno quen modificara o crédito para poder atender ó remate deses campos de fútbol.

Efectivamente non é bo momento nun período de eleccións políticas politizar o deporte e, habendo como hai un conflito entre as asociacións veciñais e os clubs de fútbol, paréceme que o sensato é negociar e poñer de acordo ás partes e esa é a posición do goberno.

A respecto do cumprimento do acordo quérolle lembrar, por se lle falla a memoria, que a Xunta de Galicia remitiu un escrito para que a parte económica do convenio se fixera efectivo e exactamente o 31 de maio de 2005 solicitou o ingreso, que

aínda non se fixo efectivo hoxe, de 95.000 euros do acordo. Pero xa digo que poden estar tranquilos.

Non dubido que a Sra. Molares tivera interese en materia deportiva pero coido que tiña excesivas tarefas e o deporte non era unha prioridade. Cando nós elaboramos o programa deportivo unha das demandas do deporte vigués foi que quería un concelleiro dedicado exclusivamente ó deporte porque ata hoxe non vían atendidas as súas demandas. Non dubido do seu interese pero a realidade era así, que vostede non o podía atender. Agora hai unha nova situación, un novo goberno e un concelleiro que está dedicado exclusivamente a unha demanda que ten o deporte vigués, a de se dedicar ó deporte.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, acórdase:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Molares Pérez, relativa a instar á Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia obras nos campos de fútbol de herba sintética e a sinatura dun novo convenio de obras no plan de infraestruturas deportiva, co texto que se transmite nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde. Parécenos que vostedes nos está privando da liberdade para que o relator da moción poida pechar que é como debe ser. Se alguén propón unha moción o lóxico é que a peche e ademais que poida replicar porque deste xeito o Partido Popular sítense totalmente privado da posibilidade de exercer o seu dereito no Pleno e se é así teremos que tomar outro tipo de decisións.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, tratamos isto na Xunta de Voceiros e vostede levouno ó alcalde para facer unha utilización da miña capacidade de alcalde para regular este Pleno, co convenio de que rematado este Pleno teríamos unha nova reunión para ver a conveniencia ou non de seguir este procedemento. Polo tanto non estou facendo máis que cumprir o que vostede persoalmente delegou na Xunta de Voceiros

No regulamento as mocións péchaas o goberno e vostede mesmo na Xunta de Voceiros leu o regulamento no que se di que as pecha o goberno.

Eu estou disposto a falar na Xunta de Voceiros todo o que se queira con respecto á forma de levar o Pleno, coido que temos que a ter consensuada e facela de común acordo os tres grupos políticos, pero estamos respectando escrupulosamente o regulamento actual e o que acordamos en Xunta de Voceiros.

12.- (87).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A TOMAR MEDIDAS EN RELACIÓN COA CONTAMINACIÓN MEDIO AMBIENTAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de agosto de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

“O Goberno local do PP realizou ao longo do seu mandato numerosas xestións para evitar a contaminación medioambiental e preservar os recursos naturais. Entre outras, asinou un convenio de colaboración para a recollida selectiva dos aceites de fritura usados para a súa posterior reciclaxe, co fin de mellorar o saneamento integral das nosas augas, evitando a contaminación con verquidos á rede de saneamento de substancias que poidan poñer en perigo a saúde, ademais de atentar contra o medioambiente.

Por outra banda, a xestión, de acordo cos principios defendidos polo PP, pretendía encadrarse nas medidas acordadas no protocolo de Kyoto, que esixe a redución de emisións contaminantes á atmosfera e obriga do mesmo xeito a fomentar o uso das enerxías alternativas. Por isto acadouse, como unha das bases do convenio, o acordo de utilización do aceite recollido con fins industriais de produción de biodiesel.

Recentemente, o novo goberno realizou unha ampliación da iniciativa con data 20/07/07, que foi presentada pola Concelleira de Medioambiente Sra. Lago,

segundo a cal “a partir de agora tamén haberá bidóns nos supermercados do grupo Vegalsa-Eroski para que poidan colaborar os habitantes das vivendas unifamiliares”.

Tamén se destaca que “ata o de agora, PMA Nutrigrás recolleu aproximadamente unha tonelada de aceite usado en Vigo, que deste xeito non acabou contaminando os ríos do termo municipal nin a ría”.

Ao noso parecer, é lóxico que durante este primeiro ano de vixencia do convenio non se acadara un volume de recollida de aceite de fritura elevado (aproximadamente 1.000 litros segundo datos da propia empresa), debido a que, ao se tratar dunha iniciativa pioneira neste tipo de actuacións, sexan necesarios maiores recursos para informar á cidadanía a través de campañas de concienciación.

Por outra parte consideramos, de acordo cos datos presentados pola propia empresa NUTRIGRAS, S.L., coa que se asinou o convenio, que a cantidade que debe acadarse no vindeiro ano tería que ser moi superior ao primeiro. Tendo en conta que en Vigo, coa súa poboación actual, podemos falar de máis de 1.000.000 de litros de aceites de fritura usados anualmente e que nestes momentos non sabemos onde van parar.

Ademais, parécenos insuficiente que a ampliación da iniciativa consista en que simplemente se poñan contedores en supermercados Eroski.

Por todo isto instamos ao Goberno municipal:

A que o Concello se comprometa a realizar unha campaña de concienciación cidadá na que se involucre a todos os axentes e interlocutores sociais (comercios, grandes superficies, asociacións de veciños, comunidades, etc.) para participar activamente na consecución duns obxectivos máis ambiciosos. Cabe lembrar neste sentido que a normativa ambiental vixente prohíbe a realización de verquidos á rede de saneamento de substancias que poidan poñer en perigo a saúde ou atenten contra o medioambiente. Por todo isto cremos que hai que incidir ante as comunidades de veciños para que participen máis activamente.

A que se realice un seguimento intenso da Comisión Mixta (Concello-Nutrigras) para asegurar o cumprimento do convenio en todos os seus aspectos (instalación, recollida e cambio de bidóns, etc.) co obxectivo de incrementar os resultados positivos obtidos durante o primeiro ano de campaña.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 27 de agosto de 2007, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: En primeiro lugar quero sinalar que non é que esteamos alterados. Non confundan argumentos, ideas e iniciativas cunha pretendida tensión que vostedes inventan aquí.

Pasarei entón a defender a moción que presentamos cunha serie de argumentos, datos e reflexións.

É unha moción con relación á toma de medidas respecto á contaminación ambiental, máis especificamente ó que se refire á reciclaxe de aceites vexetais e de fritura, de acordo cunha iniciativa do anterior goberno e pola que se asinou un convenio ó respecto.

Señora Lago, concelleira de Medio Ambiente, non pretendo facer desta moción unha causa maior ou un dogma de fe pero vostede fixo unha comparecencia ó respecto e a verdade é que me defraudou moito. Voulle explicar agora por que e voulle dar unha serie de datos.

Un dos obxectivos desta iniciativa, tendo en conta a situación medioambiental da ría de Vigo que coido que é obvia, era evitar unha serie de verteduras á rede de sumidoiros na medida do posible para que as augas ó final cheguen dalgún xeito o menos sucias posible á depuradora. Ademais a Lei 10/1998, do 21 de abril, traspuxo ó ordenamento xurídico estatal a política da Unión Europea en materia de residuos e segundo a que está prohibido verter este tipo de aceites á rede, aínda que todos sabemos que isto non é así.

Penso que é importante sinalar en termos técnicos que estes aceites teñen unha serie de polímeros, dímeros, compostos polares, dioxinas, etc., moitos deles son moi perigosos para a saúde humana e tamén para a animal, algúns deles mesmo son canceríxenos. Hai outros aspectos que son os físicos e respecto ás características físicas estes aceites teñen unha maior viscosidade, chegan formar unha capa de consistencia plástica na superficie, igualmente dan lugar a espumas e aparecen olores e sabores indesexables co que estamos provocando un problema a maiores sobre todo para moitos cidadáns como así puidemos ver no último Pleno.

Hai un regulamento ó respecto da Unión Europea, o 17074 da Comunidade Europea de 2002, que define concretamente estes residuos de cociña como residuos alimenticios e mesmo o aceite de cociña usado procedente de restaurantes, servizos de comidas con inclusión das cociñas centrais e as domésticas. Digo isto porque este regulamento prohibe terminantemente que estes aceites sexan usados para alimentación animal co que só queda un destino para os mesmos: que cheguen a plantas oleoquímicas de categoría tres para a fabricación de xabóns,

lubricantes, biodegradables, biocombustibles, etc. Este era un dos obxectivos que se buscaba na moción e no convenio que se asinou o ano pasado.

Obviamente o Partido Popular está de acordo coa política enerxética e medioambiental da Unión Europea e este era un dos obxectivos: reducir as emisións de CO2 a través de que estes aceites se convertan en biodiesel. Semella que o Partido Socialista, segundo as declaracións do señor alcalde durante o seu mandato no porto, tamén estaba de acordo e de feito no seu mandato apostou por unha planta de biodiesel que se ía construír por parte do grupo Infinita Renewable Isolux no porto seco de Salvaterra.

Sra. Lago, repito que nunha das súas primeiras comparecencias públicas apostou e ampliou o convenio para a reciclaxe de aceites de fritura a través da instalación de bidóns en supermercados do grupo Vegalsa-Eroski para que poidan colaborar os habitantes de vivendas unifamiliares. Eu pregúntome se non hai máis supermercados en Vigo, debe ser que só hai deste grupo pero lle vou dar máis datos.

Supoño que os supermercados do grupo Familia que tamén pertencen ó grupo Eroski estarán contabilizados porque hai sete; hai uns cantos máis de Consum. Non hai máis que ir ás páxinas amarelas para comprobar que hai outros supermercados e digo isto en relación á comparecencia que vostede fixo. Hai supermercados de Ekoama, varios de Froiz, Champion, Vega, Mercadona, Claudio, Ahorra Mas e outros e isto sen contar as grandes superficies.

Non é que esteamos en contra do que vostede pretendeu e fixo en relación con este convenio, en absoluto, estamos a favor pero, por que non facer máis? Hai que entrar nos temas con máis profundidade.

No 2004 producíronse en España aproximadamente 750.000 toneladas de aceites vexetais usados nunha poboación de 40 millóns de habitantes. Deste tipo de aceites se producen por habitante e ano ó redor de 10-15 litros; se temos en conta a poboación de Vigo teríamos un total dunhas 3.000 toneladas.

Hai moitas formas de facer os números e pódolles explicar outra. Por exemplo as augas vertidas que chegan a través da rede de sumidoiros ás depuradoras son en torno a 225 litros por habitante e ano aquí en Vigo, cada un destes litros ten un contido medio de graxas en torno a 50 mg e non sei se saben facer números pero llos fago eu: 300.000 habitantes X 225 litros/día X 50 mg/litro fan 3.375 kg de graxa

ó día e isto multiplicado por 365 días que ten o ano fan un total dunhas 1.300 toneladas que chegan ás depuradoras. Isto ten un custo medioambiental a maiores por non dicir económico, que tamén podemos entrar en cuestións de valoracións económicas.

Non os quero saturar con moitos datos pero si hai moitos outros que poderíamos dar. O que nós pretendemos realmente, como dicía antes, é que se tomen as cousas en serio. Hai cidades como Valencia por exemplo, onde hai un proxecto chamado Ecobús aprobado pola Comisión Europea dentro do seu programa Life consistente na recollida deste tipo de aceites para a súa transformación en biodiesel que se emprega en 120 autobuses da empresa municipal de transportes.

Hai outros moitos exemplos na rede, só fai falla tocar unha tecla, entrar en google, marcar, poñer as verbas axeitadas e obter os datos; é sinxelo, non custa moito porque en realidade o que vostede dixo nesas declaracións desa conferencia de prensa que mencionei antes, pódese facer en media hora, eu fago iso en media hora e aínda me sobra tempo.

Outro exemplo. En 2005, na Costa do Sol, na zona de Málaga, Torremolinos, Marbella e Fuengirola estes aceites lévanse a unha planta en Santa Olalla, Toledo, e reutilízanse na produción de biodiesel a través destes aceites, que inicialmente se usou en catro autobuses da MT. Isto foi o primeiro ano pero é que fíxense como se ampliaron exponencialmente os resultados nos seguintes anos porque logo o fixeron con case 300 autobuses da MT de Sevilla. Noutras comunidades como Cantabria por exemplo, hai un Plan de Residuos 2006-2010 no que se fixou unha taxa de recollida e reciclaxe de residuos de aceites vexetais usados do 80%.

Eu non quero presentar aquí un reto excesivo, unhas toneladas determinadas, non a vou poñer nese aperto pero se poden establecer uns obxectivos moito maiores xa que vostede se engadiu á iniciativa tomada polo Partido Popular do ano pasado.

É normal que o primeiro ano os resultados sexan baixos pero a iniciativa está tomada, o terreo está fertilizado para que vostede se luza e como dicía un dramaturgo alemán "O asunto é o problema e a forma a solución". Vostede dálle unha forma a este asunto moi superficial, con falla de rigor, só para se xustificar, precipitada, sen afondar nela, sen se marcar obxectivos nin a curto, nin a longo prazo e por iso dicíalle inicialmente que me defraudou.

Insisto en que non é que estea en contra do que vostede acadou, do que vostedes fixeron, é que pensamos que os temas hainos que tomar en serio e este tema tamén.

Imos levar a cabo unha serie de iniciativas nos próximos tempos ó respecto das cuestións medioambientais Sra. Abelairas, non diga que non porque imos tomar esta e moitas outras iniciativas ó respecto e vostede é a menos indicada para falar e non quero sacar aquí outras cuestións como a cantidade de sucidade que hai na cidade. A nosa líder e o anterior goberno do Partido Popular deixoulle a cidade pasada ó ferro, limpa e en só dous meses está como está e iso dino os cidadáns que non eu, Sra. Abelairas.

Sinxelamente quérolle instar ó goberno a que se comprometa a realizar unha campaña de concienciación cidadá na que se involucre a todos os axentes e interlocutores sociais, comercios, grandes superficies, asociacións veciñais, comunidades, etc., para participar nuns obxectivos máis ambiciosos.

É o único que de verdade pretendemos. Se lle molestou algo síntoo pero é o noso obxectivo, é o que nós fariamos segundo o noso propio programa electoral. Nos adoitamos esixírmonos bastante, polo menos unha nota de 9 e non de 4.

Por último instamos tamén a que se realice un seguimento intenso da comisión mixta para asegurar o cumprimento do convenio. Nada máis.

SRA. LAGO REY: Non me molestou, aburriume un pouco porque esta lería que acaba de soltar como clase maxistral, como di vostede pincha en internet e sae todo. Sobre todo iso xa estaba ó tanto porque senón non me tería adherido a este convenio que iniciaron vostedes e que ninguén negou, nin criticou en ningún momento.

Hai un ano a Concellería de Medio Ambiente do goberno anterior do Partido Popular asinou un convenio con PMA Nutrigras que permitía a esta empresa que recollera os aceites domésticos no Concello de Vigo e só obrigaba ou comprometía ó Concello a facer unha campaña de publicidade. Ese foi o convenio que vostedes asinaron malia todo o protocolo de Kioto, desa lei que me acaba de nomear e da que xa falaremos. Ninguén en ningún momento, nin na conferencia de prensa na que había moitas testemuñas e está filmada, criticou nin os datos que saíron ó final, nin a insuficiencia desta campaña pero agora si que o vou facer.

Hai un mes e medio atrás, cando eu collín este convenio pensei que era importante engadirme a el. Todos os que se engadiron a este convenio, tanto supermercados, xente, como o Concello fixérono de xeito voluntario e por iso eu teño que pensar que non leu a ordenanza municipal que en ningún momento regula o tema dos vertidos domésticos na rede municipal, si regula os non domésticos pero non hai obriga, si moral pero non práctica.

Hai un mes e medio escaso collo este convenio con toda a boa vontade e ninguén negou que se asinara un ano atrás, reúnome coa comisión mixta que propoñen aquí para realizar o seguimento e agora poden contar as xuntanzas que houbo nun mes e medio.

A primeira foi para ver se os expertos dicían de que xeito se podía ampliar esta iniciativa do PP. Din que o mellor é colocar *displays* informativos e bidóns nos supermercados que voluntariamente o queiran facer. No momento en que eu collín o convenio só o quería facer Eroski. Non se pode obrigar, é voluntario. Isto o que fai é que a xente poida baixar ate o supermercado e deixar alí o aceite.

A segunda xuntanza coa comisión mixta foi para os invitar a unha conferencia de prensa para pular e dar datos obxectivos de como vai a campaña e dise que se recollen só 1.000 litros. Vostedes xustifican agora aquí de que esta foi unha primeira vez ou non sei que. Ninguén pediu explicacións pero xa que as dan eu tamén teño que dicir que se fixeran o que agora piden que se faga, que se realice un seguimento intenso da comisión mixta, terían tempo para corrixir os erros e non chegar ó final do primeiro ano da campaña, esperar a que eu sacara datos obxectivos para se dar de conta de que foron poucos litros. Nunca se reuniu a comisión mixta, pero vaian contando porque eu xa levo dúas reunións.

A terceira reunión foi logo da conferencia de prensa. A prensa seguiu preguntando, tivo bastante cobertura o que era bo para a campaña, pero resulta que eu preguntei a PMA Nutrigras se xa estaban os *displays* e os bidóns. Non estaban pero días máis tarde chamaron para confirmar que xa estaban listos e con isto polo menos estou demostrando que si tiña interese.

A seguinte chamada entre as que fan eles e máis eu foi a quinta nun mes e medio e foi hai algúns días para me dicir que se colocaran 100 bidóns e que xa se recolleran 450 litros de aceite e iso que estamos no verán, non está mal.

Foron cinco reunións, é dicir, un 400% máis do que a Xunta de Goberno se reuniu durante o voso mandato. Estes son datos que eu non teño por que sacar pero xa que os piden estouno a facer. Un 400% máis nun mes e medio coido que é abondo e excesivo pero é que eu son así, son responsable.

En canto a que o Concello se comprometa a realizar unha campaña de concienciación cidadá e que lles parece pouco o dos 100 bidóns, teño que dicir que chegan tarde, podería telo dito tomando un café ou polo corredor. Hai unha campaña dun mes con cuñas na radio, nas dúas televisións locais durante este mes de setembro con anuncios de concienciación para completar a campaña. Isto non saíu no mes de agosto porque non estaba todo rematado, tiven que o revisar, ata aí molesteime, e porque a comisión mixta, os técnicos, a xente que elaborou estes anuncios, todo o mundo sabía que durante o mes de agosto sería unha campaña estragada e por iso agardei ó mes de setembro. É dicir, en contraste coa súa campaña con só vinte días de radio en todo o ano eu estou nunha triplo campaña. Chegan bastante tarde coa moción.

Vostedes recolleron 1.000 litros e pídenme a min que tente recoller 1.000.000. Fagan unha estatística porque é 1.000 veces máis do que recolleron vostedes. A verdade é que me honra o reto pero non é obrigatorio e non me podo meter na cociña de ninguén para lle obrigar a botar o aceite usado nun colector. Podo facer unha estatística e dicir que xa está superado nun 400% o seu segundo punto e nun 300% a súa campaña publicitaria; non podo facer unha estatística coa vontade dos vigueses por respecto, porque é unha vontade allea. Entón eu respondo da miña vontade pero da dos vigueses sinceramente por respecto non podo. Xuntaranse 1.000, 2.000 ou 4.000, o que os vigueses queiran, pero xa lles digo que a campaña de seu está superada. Polo tanto xa queda claro o que estamos a facer e do houber preguntado xa o saberían

Como coido que esta moción chega tarde e a verdade é que a deshora e como a miña intención xa demostrada é apoiar a vosa campaña, propono unha emenda á moción presentada polo Grupo municipal do PP: "Instar ó goberno municipal a que, unha vez rematada a actual campaña de concienciación desenvolvida en radios e en televisións sobre a recollida de aceites domésticos usados, realice unha avaliación do resultado da devandita campaña ós efectos de comprobar a eficacia

da mesma e adoptar as medidas necesarias, todo iso no marco da comisión mixta Concello-Nutrigras”.

Por certo, xa que tanto interese teñen estou segura de que teñen uns botes para reciclar o aceite e consumen todos biodiesel, non me cabe a menor dúbida.

SRA. MAURE NOIA: A preservación dos recursos naturais, a supresión de calquera elemento que os poida contaminar son feitos necesarios para a sostibilidade do medio e para a calidade de vida dos cidadáns.

A iniciativa da recollida de aceite usado de uso doméstico para a súa transformación en biodiesel que puxo en marcha o Partido Popular no 2006 era polo tanto unha iniciativa necesaria pero tamén é evidente que non foi suficiente, quedou moito traballo por facer e mostra diso é esta moción que presentan.

Sabemos que é necesaria unha campaña de concienciación, de información ós cidadáns, que amose as vantaxes da reciclaxe de aceites e coa que se comprometan establecementos hostaleiros, supermercados, grandes superficies, asociacións veciñais, comedores escolares e universitarios e mesmo as comunidades de veciños como medios activos para a concienciación e información da mesma. Por outra banda tamén hai que facilitar os medios para que todos os cidadáns poidan ter acceso ós bidóns de depósito de aceite, información para o seu uso e facer un seguimento e control sobre a recollida e reciclaxe disto.

O goberno municipal está traballando neste tema e por iso o Bloque Nacionalista apoiaría a moción coa emenda do Partido Socialista.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: A verdade é que se vostedes pretenden seguir cunha política de escurantismo total é un problema de seu.

En realidade estamos dicindo o mesmo, non sei por que fai unha modificación da moción cando dicimos exactamente o mesmo e os obxectivos son os mesmos, non o entendo.

Voulle facer un par de incisos nada máis: non chegamos tarde a ningures porque, señora concelleira, non teño unha soa nova, hai moitas que se poden obter tamén. Aquí hai unha que di: “A Coruña será a segunda cidade de Galicia en poñer en marcha esta iniciativa de recollida de aceite. O sistema estreouse en Vigo”. É dicir en Galicia o sistema estreouse en Vigo ou sexa que non chegamos tarde a ningures.

En canto á cuestión das leis, hai leis de rango superior ás ordenanzas municipais, non vou entrar tampouco neses detalles. Polo demais a min paréceme moi ben que vostede faga unha campaña, o que non entendo é como se lles explica tan mal ós medios.

En todo caso e para que se vexa que á nosa proposta é sinxelamente positiva aceptamos a súa proposta de emenda.

SRA. LAGO REY: Agradezo o seu apoio tal como xa saben que eu os apoiei no primeiro momento de facer esta campaña e só dicir que non é unha campaña de escurantismo como di vostede, é unha campaña de recollida de aceite doméstico.

A PRESIDENCIA: Sometemos a votación a moción presentada incluíndo a emenda presentada polo Grupo Socialista que queda do seguinte xeito: “Instar ó goberno municipal a que unha vez rematada a actual campaña de concienciación desenvolvida en radios e televisións de recollida de aceites domésticos usados realice unha avaliación do resultado da devandita campaña ós efectos de comprobar a eficacia da mesma e adoptar as medidas necesarias. Todo iso no marco da comisión mixta Concello-Nutrigras”.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Lago Rey, durante o curso do debate:

Instar ó Goberno municipal a que, unha vez rematada a actual campaña de concienciación de recollida de aceites domésticos desenvolvida en radios e televisións, realice unha avaliación do resultado da devandita campaña ós efectos de comprobar a eficacia da mesma e adoptar as medidas necesarias, todo iso no marco da comisión mixta Concello-Nutrigras.

(No momento da votación están ausentes os Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Figueroa Vila, Méndez Piñeiro e Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Instar ó Goberno municipal a que, unha vez rematada a actual campaña de concienciación de recollida de aceites domésticos desenvolvida en radios e televisións, realice unha avaliación do resultado da devandita campaña ós efectos de comprobar a eficacia da mesma e adoptar as medidas necesarias. Todo iso no marco da comisión mixta Concello-Nutrigras.

13.- (88).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR SR. COELLO BUFILL RELATIVA A SINALIZACIÓN DE TRÁFICO NA PARROQUIA DE CORUXO.

INTERVENCIÓN DO SR. COELLO BUFILL: Recentemente realizouse na parroquia de Coruxo unha sinalización vertical e horizontal coa pintura dun paso de peóns sen semáforo no acceso ó camiño do Breadouro.

Prégolle, señor alcalde, que nos faga chegar se é posible o informe técnico que avala esa decisión.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas, Sr. Coello, así o faremos.

- * ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, SOBRE USO DO IDIOMA GALEGO POLOS CONCELLEIROS.

INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS: O meu rogo diríxese a todas as persoas que nos atopamos aquí lembrando que existe abondosa lexislación, incluída unha ordenanza municipal que se aprobou por todos os grupos políticos por unanimidade, que nos insta á utilización da lingua galega no exercicio dos nosos cargos.

Como hai certo relaxamento no respecto desta lexislación, lembro a nosa obriga e o noso compromiso como representantes da cidadanía na defensa e no uso da lingua galega, tanto estando na oposición como no goberno.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA DE FELICITACIÓN A CONCELLEIRO E A CIDADANÍA POLO COMPORTAMENTO NA VOLTA CICLISTA.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame que no nome de toda a Corporación figurara na acta deste Pleno a felicitación ó concelleiro-delegado de Tráfico e Seguridade para que lla faga extensiva a toda a Policía Local e a Protección Civil polo excelente traballo realizado con motivo da saída da Volta Ciclista a España e así mesmo que se faga tamén no nome de toda a Corporación a felicitación á cidadanía de Vigo que unha vez máis respondeu sobradamente a un evento deste tipo e que nos fixo sentir orgullosos e orgullosas da nosa cidade.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Domínguez Olveira. Eu quería facer extensivo ó concelleiro de Deportes polo seu traballo nesta Volta.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Decía “No nome de toda a Corporación” e nós somos parte da Corporación e non estamos en absoluto de acordo con iso.

A PRESIDENCIA: É libre a súa opción. Nós si estamos de acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 3 de setembro de 2007. Consta de 36 folios da serie A numerados do 1593659 ao 1593694, e números do 356 ao 391. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2007

Vigo, a 29 de outubro de 2007

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda